

INFORME

SOBRE AS VIOLENCIAS SEXUAIS

EXERCICIO 2022



**XUNTA
DE GALICIA**

Informe sobre as violencias sexuais 2022

Informe elaborado por:

Secretaría Xeral da Igualdade

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Xunta de Galicia

Abril de 2023

ÍNDICE

1. CONCEPTO, CONTEXTO E MARCO LEGAL A 2022	3
1.1. Concepto: ¿Que é a violencia sexual?	3
1.2. Contexto global e europeo	3
1.3. Contexto: España	9
2. SITUACIÓN REAL E ACTUALIZADA A 2022	12
2.1. Cifras e evolución en España	12
2.1.1. Introducción	12
2.1.2. Representación territorial dos delitos contra a liberdade e a indemnidade sexual.....	16
2.1.2.1. Análise por comunidades autónomas	16
2.1.2.2. Análise por provincias	17
2.1.2.3. Análise desagregada das vitimizacións	17
2.1.2.4. Análise das vitimizacións segundo o perfil das vítimas: tipoloxía penal, sexo e idade	19
2.1.2.5. Análise das vitimizacións segundo a nacionalidade da vítima	20
2.1.2.6. Análise das vitimizacións segundo o perfil da vítima comparándoo cos grupos de idade	21
2.1.2.7. Análise das vitimizacións segundo o perfil da vítima: relación vítima/autor, sexo e idade	22
2.1.2.8. Análise das vitimizacións segundo o perfil do responsable: tipoloxía penal, sexo e idade	23
2.1.2.9. Análise das vitimizacións segundo o perfil do responsable: sexo e nacionalidade	25
2.2. Cifras e evolución en Galicia	26
2.2.1. Análise trimestral do conxunto de Galicia	26
2.2.2. Análise provincial.....	30
2.2.2.1. A Coruña	31
2.2.2.2. Lugo	35
2.2.2.3. Ourense	40
2.2.2.4. Pontevedra	44
2.2.2.5. Distribución provincial.....	48
2.2.3. Delitos por cada 10.000 habitantes.....	51

2.3. Análise local. Concellos máis representativos	52
2.3.1. Concello de Santiago de Compostela.....	52
2.3.2. Concello da Coruña	55
2.3.3. Concello de Vigo.....	58
3. A REALIDADE DETRÁS DOS NÚMEROS	61
3.1. Contexto Galicia: unha comunidade pioneira na prevención e tratamento da violencia de xénero.....	67
3.2. A ciberviolencia sexual	69
3.3. Programas desenvoltos en Galicia.....	72
4. BIBLIOGRAFÍA E FONTES DE ESTUDO.....	85

1. CONCEPTO, CONTEXTO E MARCO LEGAL A 2022

1.1. Concepto: ¿Que é a violencia sexual?

Enmarcada na área e conceptualización da violencia de xénero ou violencia contra as mulleres por razón de sexo, a definición máis global, máis estendida e referenciada, é a da Organización Mundial da Saúde (OMS):

“Todo acto sexual, a tentativa de consumar un acto sexual, os comentarios ou insinuacións sexuais non desexados, ou as accións para comercializar ou utilizar de calquera outro modo a sexualidade dunha persoa mediante coacción por outra persoa, independentemente da relación desta coa vítima, en calquera ámbito, incluídos o fogar e o lugar de traballo”.

1.2. Contexto global e europeo

A violencia sexual nas súas múltiples manifestacións constitúe unha forma de violencia por razón de xénero, unha forma de discriminación e unha vulneración dos dereitos humanos, cuxas secuelas físicas e psicolóxicas, nalgúns casos, poden persistir para sempre. As violencias sexuais, incluída a violación, afectan de maneira desproporcionada ás mulleres, representando formas de agresión e dominación por razón de xénero.

A Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller (1993), ratificada na IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres (Beijing, 1995), define a violencia contra a muller e sinala que esta violencia inclúe *“a violencia física, psicolóxica e sexual que se produce na familia incluídos os malos tratos, a violación polo marido, o abuso sexual das nenas no fogar, a mutilación xenital feminina e outras prácticas nocivas para a muller, os actos de violencia perpetrados por outros membros da familia e a violencia referida á explotación; a violencia física, psicolóxica e sexual perpetrada dentro da comunidade en xeral: a violación, o abuso sexual, o acoso e a intimidación sexuais no traballo ou en institucións educacionais, o tráfico de mulleres e a prostitución forzada; e a violencia física, psicolóxica ou sexual perpetrada ou tolerada polo Estado, onde queira que ocorra”.*

A definición de violencia sexual da OMS “por ser ademais a conceptualización de referencia, foi complementada nos últimos decenios por unha ampla xurisprudencia” a nivel rexional e internacional “que foi configurando un marco conceptual cada vez máis avanzado, e que permite analizar os elementos constitutivos da violencia sexual, os ámbitos nos que esta se produce, así como a responsabilidade dos Estados na súa obriga de respectar, protexer e facer cumprir os dereitos humanos”.

O Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller que vixía o cumprimento da Convención sobre a Eliminación de Todas as Formas de Discriminación contra a Muller (Comité CEDAW, polas súas siglas en inglés), e outros organismos internacionais de dereitos humanos lembran que ao ser a violencia sexual unha manifestación da violencia por razón de xénero, as súas causas atópanse arraigadas nos desequilibrios estruturais de poder e na discriminación e a desigualdade estrutural entre homes e mulleres.

A violación, o acoso sexual, a trata e a mutilación xenital feminina son formas de violencia que representan unha agresión á sexualidade feminina. Finalmente, o Comité CEDAW recoñeceu que *“a opinio juris e a práctica dos Estados que dan a entender que a prohibición da violencia por razón de xénero contra a muller pasou a ser un principio do dereito internacional consuetudinario”*.

O [Convenio do Consello de Europa](#) sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, máis coñecido como “Convenio de Istambul”, conmemorou no 2021 o décimo aniversario da súa creación (2011-2021).

O [Convenio de Istambul](#) recolle como principios fundamentais un enfoque baseado na igualdade e a non discriminación e na dilixencia debida dos Estados. Isto último refírese a que os Estados *“non só deben absterse de cometer calquera acto de violencia de xénero, senón que son responsables de garantir a protección das vítimas e a prevención e sanción daquelas ofensas perpetradas por actores privados”*. Para iso, o Convenio propón un enfoque multidisciplinar que se coñece como “as 4 Ps”:

- Prevención
- Protección
- Persecución
- Políticas integradas



Otro aspecto importante do Convenio de Istambul é que transcende o contido habitual dun tratado de dereitos humanos e busca a harmonización dos sistemas criminais dos estados membros para que estes inclúan as distintas formas de violencia contra a muller, incluíndo a violencia física, o acoso (*stalking*), a violencia psicolóxica, a violencia sexual, o matrimonio forzado, a mutilación xenital feminina, a esterilización forzada, o aborto forzado e o acoso sexual.

Estes instrumentos internacionais de dereitos humanos establecen que os Estados teñen a obriga de poñer todos os medios para combater todas as formas de violencia contra as mulleres e nenas por razón de xénero, incluída a sexual, actuando coa "diligencia debida" no marco da prevención e a investigación, a sanción aos responsables, a asistencia e a reparación integral ás vítimas.

No contexto europeo, débese destacar que en setembro de 2021 o Parlamento Europeo votou a favor da definición da violencia de xénero como eurodelito, é dicir, como un novo ámbito delituoso en virtude do Artigo 83 do Tratado da UE, xunto a outros delitos que hai que combater con criterios comúns, como o tráfico de persoas, drogas e armas, a ciberdelincuencia e o terrorismo.

En outubro de 2021, o Parlamento Europeo urxiu a tomar medidas para protexer ás vítimas nas disputas pola custodia dos fillos e fillas. Ademais, defendeu que ao avaliar solicitudes de custodia, nos casos en que se sospeite

de violencia de parella, as audiencias deben ter lugar nunha contorna adaptada aos nenos e por profesionais capacitados.

Estas modificacións e recoñecementos legais abordaron as seguintes cuestións:

- O acoso en liña.
- A violación da privacidade.
- A gravación e o intercambio de imaxes de agresións sexuais.
- O control ou a vixilancia a distancia (incluídas as aplicacións espía).
- As ameazas e as chamadas á violencia.
- A incitación ao odio sexista.
- A indución á autolesión.
- O acceso ilegal a mensaxes ou contas de redes sociais.
- O incumprimento das prohibicións de comunicación impostas polos tribunais.
- A trata de seres humanos.

Estas modificacións son as que impulsaron cambios normativos nos estados membros, nun primeiro lugar, e despois nas diferentes comunidades autónomas, como acontece no ámbito español.

Este ano a nivel europeo, como se recolle en publicacións procedentes da euro cámara de marzo de 2022, a Comisión Europea propuxo novas normas para loitar contra a violencia de xénero o 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

Tal e como manifestou María Soletó na súa intervención ante o Parlamento Europeo con ocasión do encontro Renew Europe *“Unha de cada 3 mulleres foron vítimas de violencia de xénero na Unión Europea, 1 de cada 10 mulleres de violencia sexual e 1 de cada 20 foron violadas. Estes son algúns dos datos que mostran a dramática situación da violencia contra as mulleres en Europa”*.

O 8 de marzo de 2022, a Comisión Europea presentou unha proposta de directiva da UE sobre a loita contra a violencia exercida sobre as mulleres e a violencia doméstica.

Esta nova directiva quere ir un paso máis aló na loita contra a violencia, contemplando na tipificación de delitos de violencias prácticas como a

mutilación xenital feminina ou o ciberacoso. Ademais, aborda tamén temas como o respecto da privacidade e o apoio ás mulleres vítimas de abusos.

A nova directiva deberá establecer unhas normas mínimas para os tipos penais e as sancións, incluída a definición da prescrición destes delitos.

En definitiva, pódese concluír que a nova proposta de directiva inclúe medidas para previr, protexer e perseguir eficazmente os delitos, incluído o acoso por internet.

O 5 de maio aprobouse no Parlamento Europeo unha Resolución sobre o impacto da guerra contra Ucraína nas mulleres.

Este conflito está a afectar de maneira específica a mulleres e nenas, aumentando as desigualdades preexistentes.

Segundo o documento publicado e como se recolle en datos ofrecidos polo Observatorio de la Violencia de Género de la Fundación Mujeres, *mulleres e nenas corren un especial risco durante este tipo de crise en relación ás violencias que as afectan particularmente: violencia sexual e de xénero.*

Un artigo específico deste Observatorio sobre a resolución do Parlamento Europeo con referencia a situación da guerra de Ucraína destaca que *"Esta resolución condena, especialmente, o uso da violencia sexual e de xénero que están a sufrir as mulleres durante o conflito. Este tipo de violencia está a ser empregada polo exército ruso como arma de guerra, constituíndo un crime de guerra con arranxo ao dereito internacional"*. Por iso, no texto pídese á Unión Europea que *"adopte unha resposta con perspectiva de xénero "ante a crise" dando prioridade "á protección fronte á violencia sexual e de xénero"*.

Así, destaca a necesidade de que *"os países conten con programas de apoio especializado para as mulleres e nenas sobreviventes de violencia, abordando as súas necesidades específicas e garantindo que estes servizos estean accesibles en linguas e formatos accesibles a todas elas."*

O Observatorio nesta publicación tamén denuncia *a falta de acceso adecuado á saúde sexual e reprodutiva tanto para as mulleres que seguen no país como para as refuxiadas que chegan a terceiros países da Unión Europea, xa que se están atopando con certos obstáculos nalgúns destes países. Por exemplo, nalgúns deles estes servizos non están cubertos pola sanidade pública ou mesmo, en países como Polonia, onde o aborto non está permitido, as mulleres que así o desexan non poden poñer fin ao seu embarazo.*

Por iso, a resolución fai fincapé no deber de garantir ás mulleres e nenas o acceso continuado aos servizos de saúde sexual e reprodutiva e, en particular, a anticonceptivos de emerxencia e ao aborto, tamén para as sobreviventes de violencia sexual.

Segundo o Observatorio, *“A guerra en Ucraína está a crear as condicións necesarias para que se produza un auxe de trata de seres humanos, aumentando o número de denuncias e atopándose particularmente en risco mulleres, nenas e nenos, debido á situación de vulnerabilidade derivada do conflito”*.

En particular, a trata de seres humanos con fins de explotación sexual “por proxenetas, donos de prostíbulos e compradores de servizos sexuais” é a que representa un dos maiores riscos para as refuxiadas que foxen do conflito. Por iso, a resolución insta aos Estados membros a que garantan “a seguridade e a ausencia de explotación sexual das mulleres e nenas refuxiadas”, detectando e perseguindo ás redes de trata mediante a vixilancia dos lugares utilizados por tratantes de seres humanos para a captación de vítimas (estacións, aeroportos, centros de acollida...) e reitera, ademais, que “a prostitución fomenta a trata de mulleres vulnerables”.

En canto ás mulleres que seguen en Ucraína, segundo informa o propio Parlamento Europeo, este anima á UE para utilizar todas as medidas e fondos á súa disposición para garantir os seus dereitos á saúde sexual e reprodutiva. Os eurodeputados tamén piden enviar kits de hixiene e de saúde sexual e reprodutiva, incluídos anticonceptivos, en convois e paquetes humanitarios a Ucraína e aos países de tránsito ou de acollida de refuxiados. Para facilitar a integración das mulleres refuxiadas nos países de acollida, a resolución expón permitir o seu acceso ao mercado laboral tan pronto como sexa posible, así como facilitarlles cursos de idioma e servizos de coidado de nenos.

Por último destacar que, no mes de setembro de 2022, 38 Estados membros subscribiron a “Declaración de Dublín” na que se comprometen a adoptar unha serie de medidas para promover a igualdade de xénero co obxectivo de axudar a previr a violencia doméstica, sexual e de xénero.

A declaración inspírase integramente no Convenio de Istambul do Consello de Europa sobre a violencia contra as mulleres e nas conclusións das expertas e expertos sobre como se aplicou o convenio ata o de agora por parte dos países.

1.3. Contexto: España

"As violacións aumentaron un 38,2% nos primeiros nove meses de 2022 se se compara co mesmo período de 2019, ano previo á pandemia de Covid-19, segundo a estatística do Ministerio do Interior, que recoñece unha "tendencia de forte aumento" nos delitos sexuais". Así se recolle en numerosos titulares de prensa en referencia as violencias sexuais no ano 2022.

O número de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual aumentou case un 90% en España entre 2012 e 2021.



Gráfico: Elizaveta Ambarova | El Mundo • Fuente: Ministerio del Interior • Creado con [Datawrapper](#)

Nun momento no que se entende consolidado o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, no mes de setembro publicouse a Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, que no seu preámbulo recolle polo miúdo unha exposición de motivos onde se indica que, *as violencias sexuais non son unha cuestión individual, senón social; e non se trata dunha problemática conxuntural, senón estrutural, estreitamente relacionada cunha determinada cultura sexual arraigada en patróns discriminatorios que debe ser transformada.*

Ao mesmo tempo que se inflixe un dano individual a través da violencia sobre a persoa agredida, repercútese de forma colectiva sobre o conxunto das mulleres, nenas e nenos que reciben unha mensaxe de inseguridade e dominación radicado na discriminación, e sobre toda a sociedade, na reafirmación dunha orde patriarcal. Por iso, a resposta a estas violencias debe emerxer do ámbito privado e situarse indiscutiblemente na esfera do público, como unha cuestión de Estado.

Segundo se recolle no mesmo:

“Esta lei orgánica pretende dar cumprimento ás mencionadas obrigas globais en materia de protección dos dereitos humanos das mulleres, as nenas e os nenos fronte ás violencias sexuais, integrándose tamén na política exterior española; e, seguindo o mandato do artigo 9.2 da Constitución, remover os obstáculos para a prevención destas violencias, así como para garantir unha resposta adecuada, integral e coordinada que proporcione atención, protección, xustiza e reparación ás vítimas. Para iso, esta lei orgánica estende e desenvolve para as violencias sexuais todos aqueles aspectos preventivos, de atención, sanción, especialización ou asistencia integral que, estando vixentes para outras violencias, non contaban con medidas específicas para poder abordar de forma adecuada e transversal as violencias sexuais. Ademais, como novidade, desenvólvese o dereito á reparación, como un dos eixos centrais da responsabilidade institucional para lograr a completa recuperación das vítimas e as garantías de non repetición da violencia”.

A lei orgánica consta dun título preliminar, oito títulos, cinco disposicións adicionais, unha disposición transitoria, e vinte e cinco disposicións finais, adoptando unha perspectiva integral e nova no ámbito das violencias sexuais.

Neste sentido, a norma xustifícase no seu texto por unha razón de interese xeral, como é a necesidade de erradicar as violencias sexuais que sofren as mulleres de todas as idades e os nenos e nenas. Esta é unha realidade innegable no noso país, como ilustran, entre outros, os datos achegados fai anos e en continuo crecemento actualmente, pola *“Macroencuesta sobre Violencia Contra la Mujer 2019”*.

No propio preámbulo da mesma norma, na parte IV, o propio texto recolle que:

“A porcentaxe de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España que sufriron violencia sexual fóra do ámbito da parella ao longo da vida é do 6,5%.

É dicir, 1.322.052 mulleres sufriron este tipo de violencia e o 0,5% (103.487) nos últimos 12 meses.

Un 2,2% (453.371 mulleres) do total de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España foron violadas algunha vez na súa vida.”

Estes datos son en realidade unha aproximación de mínimos, pois trátase da prevalencia revelada, pero debe terse en conta que é probable que as mulleres que sufriron os casos máis graves non sexan capaces de contalo nunha enquisa como esta debido ao trauma que supón.

“No caso das nenas menores de 16 anos, a porcentaxe é do 3,4%, o que se traduce nunhas 703.925 nenas vítimas de violencias sexuais.

Ademais, o 12,4% das mulleres que sufriron violencia sexual fóra da parella di que nalgunha das agresións sexuais participou máis dunha persoa. Finalmente, case no 50% (40,6%) dos casos, a violencia repetiuse máis dunha vez.”


2. SITUACIÓN REAL E ACTUALIZADA A 2022

2.1. Cifras e evolución en España

2.1.1. Introducción

No mes de novembro de 2022 o Ministerio do Interior fixo públicos os datos do ano 2021 en materia de violencia sexual, recollidos no seu "Informe sobre delitos contra la libertad e indemnidad sexual". Preséntanse a continuación un extracto dos datos recollidos nese informe referidos ao conxunto de España, mencionando as características máis destacables de cada apartado.

- Feitos coñecidos rexistrados. Datos anuais.



Segundo os datos do Informe sobre delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, nos feitos coñecidos rexistrados pódese observar un incremento nos últimos anos pese ao rexistro dun leve descenso reflectido no ano 2020:

- Ano 2015: 9.869
- Ano 2016: 10.844
- Ano 2017: 11.692
- Ano 2018: 13.782
- Ano 2019: 15.319
- Ano 2020: 13.174
- Ano 2021: 17.016


Dende o ano 2015 ata o ano 2021 incrementáronse os delitos sexuais en España un 72.41%, destacando unha forte subida de 3.842 casos no ano 2021.

- Feitos coñecidos rexistrados. Tipoloxías penais

TIPOLOGÍA PENAL	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
ABUSO SEXUAL	3.712	4.549	4.774	6.066	6.826	5.616	7.748
AGRESIÓN SEXUAL	1.626	1.684	1.806	1.917	2.059	1.660	2.313
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	1.229	1.249	1.387	1.700	1.873	1.596	2.143
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	439	544	749	1.044	1.206	1.189	1.652
PORNOGRAFÍA DE MENORES	748	621	767	892	866	762	739
EXHIBICIONISMO	716	701	657	664	690	612	683
CORR.MENORES/PERS.CON DISCAPAC.	432	368	400	268	369	350	347
CONTACTO TECNOLOGÍA MENOR 16 AÑOS	239	365	394	442	527	575	534
ACOSO SEXUAL	251	335	354	443	540	476	528
DELITOS RELATIVOS A LA PROSTITUCIÓN	376	304	266	247	248	216	229
PROVOCACIÓN SEXUAL	101	124	138	99	115	122	100
TOTAL	9.869	10.844	11.692	13.782	15.319	13.174	17.016

No ano 2021, dos 17.016 delitos sexuais rexistrados, a tipoloxía penal clasifícase da seguinte maneira:

- Abuso sexual: 7.748, o 45.53%
- Agresión sexual: 2.313, o 13.59%
- Agresión sexual con penetración: 2.143, o 12.59%
- Abuso sexual con penetración: 1.652, o 9.70%
- Pornografía de menores: 739, o 4.34%
- Exhibicionismo: 683, o 4.01%
- Corr. Menores / pers. Con discapac.: 347, o 2.03%
- Contacto tecnoloxía menor de 16 anos: 534, o 3.13%
- Acoso sexual: 528, o 3.10%
- Delitos relativos a prostitución: 229, o 1.34%
- Provocación sexual: 100, o 0.58%




Durante o ano 2021 prodúcese un aumento significativo dos delitos contra a liberdade e indemnidade sexual.


Con todo, hai unha serie de tipoloxías penais que presentan descenso con respecto a anos anteriores, tales como pornografía de menores, corrupción de menores e persoas con discapacidade, delitos de contacto mediante tecnoloxía con menor de 16 anos con fins sexuais (grooming) e os de provocación sexual.

Pola contra, hai outra serie de feitos con tendencia alcista como son os delitos de abuso (con e sen penetración), agresións sexuais (con e sen penetración), exhibicionismo, delitos relativos á prostitución e acoso sexual.

- Feitos coñecidos rexistrados 2014-2021. Datos mensuais.



- Distribución mensual 2015-2021




Obsérvase "estacionalidade" na serie de datos de feitos coñecidos, correspondendo o maior volume aos meses de maio a outubro.

Durante os últimos anos a tendencia mostra un patrón consistente de crecemento, que se viu diminuído durante o ano 2020, como consecuencia da situación xerada pola pandemia da Covid-19, para continuar co patrón de


crecemento durante o 2021, que máis adiante observarase que se reitera no ano 2022.

- Distribución por lugar de comisión dos feitos coñecidos

LUGAR ESPECÍFICO	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
VIVIENDAS Y ANEXOS	4.255	4.405	4.773	5.552	6.362	7.742	9.559
ESPACIOS ABIERTOS	2.311	2.745	2.794	3.198	3.730	798	1.106
VÍAS COMUNICACIÓN	1.797	1.971	2.166	2.442	2.437	2.237	3.191
INSTALAC. Y RECINTOS	698	822	887	1.256	1.336	1.297	1.610
ESTABLECIMIENTOS	696	753	881	1.096	1.189	883	1.299
MEDIOS TRANSPORTE	112	148	191	238	265	217	251
TOTAL	9.869	10.844	11.692	13.782	15.319	13.174	17.016



(*) Los Mossos d'Esquadra no facilitan datos del lugar de ubicación del hecho, por lo que a efectos de cómputo han sido integrados los mismos en el grupo "Espacios abiertos".



No ano 2021, dos 17.016 delitos de carácter sexual, o lugar de comisión dos feitos foi:

- Vivendas e anexos: 9.559, o 52.6%
- Espazos abertos: 1.106, o 6.5%
- Vías de comunicación: 3.191, o 18.8%
- Instalacións e recintos: 1.610 9.5%
- Establecementos: 1.299, o 7.6%
- Medios de transporte: 251, o 1.5%

A análise por lugar de comisión expón como principal escenario “onde ocorre a maior proporción de feitos” as vivendas e os anexos, seguidas a distancia polas vías de comunicación.

É de destacar o carácter practicamente residual dos feitos ocorridos en medios de transporte.

2.1.2. Representación territorial dos delitos contra a liberdade e a indemnidade sexual


A continuación recóllense os principais datos desagregados a nivel territorial, presentados en mapas por comunidades e cidades autónomas seguido das provincias. Mencionarase con máis énfase aqueles territorios “que durante o ano 2021 víronse máis afectados por delitos contra a liberdade e indemnidade sexual”.

“Galicia, con 707 delitos de índole sexual, representa o 4.15% do total nacional” situándose na oitava comunidade autónoma con máis número de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual.

Os datos correspondentes a Galicia analizaranse con máis detalle no apartado 2.2.

2.1.2.1. Análise por comunidades autónomas


A representación territorial dos feitos coñecidos reflicte que as comunidades autónomas con maior número de feitos son: Cataluña, Andalucía, Madrid e Comunitat Valenciana.



Dos 17.016 feitos coñecidos o número e a porcentaxe por cada CCAA foi:

- Cataluña: 3.316, o 19.48%
- Andalucía: 2.690, o 15.80%
- Madrid (Comunidade de): 2420, o 14.22%
- Comunitat Valenciana: 2173, o 12.77%
- Canarias: 946, o 5.55%
- Balears (Illes): 777, o 4.55%
- País Vasco: 718, o 4.21%
- **Galicia, 707 o 4.15%**
- Murcia (Rexión de): 613, o 3.60%
- Castilla -la Mancha: 563, o 3.33%

2.1.2.2. Análise por provincias




As provincias con maior número de feitos son: Madrid, Barcelona, Valencia, Alicante, Baleares, Murcia, Sevilla, Málaga, Las Palmas, Cádiz, Tarragona, Santa Cruz de Tenerife e Bizkaia.

2.1.2.3. Análise desagregada das vitimizacións.

Neste apartado preséntanse as vitimizacións desagregadas, atendendo aos datos totais anuais, ás tipoloxías penais, aos grupos de idade das vítimas. Así mesmo, tamén se analizan as vitimizacións segundo o perfil da vítima e segundo o perfil do autor.

- Vitimizacións. Datos anuais



- Vitimizacións. Tipoloxías penais

TIPOLOGÍA PENAL	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
ABUSO SEXUAL	3.788	4.650	5.085	6.479	7.413	5.686	8.132
AGRESIÓN SEXUAL	1.717	1.808	1.801	1.983	2.099	1.604	2.309
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	1.185	1.260	1.358	1.638	1.745	1.425	1.951
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	450	689	825	1.116	1.278	1.132	1.676
EXHIBICIONISMO	878	887	859	762	847	710	752
CONTACTO TECNOLOGÍA MENOR 16 AÑOS	240	473	439	530	565	616	574
ACOSO SEXUAL	268	347	384	481	579	504	565
CORRUPCIÓN MENORES/INCAPACITADOS	574	560	614	341	477	378	423
DELITOS RELATIVOS A LA PROSTITUCIÓN	540	378	311	335	346	366	283
PORNOGRAFÍA DE MENORES	269	180	285	254	227	223	210
PROVOCACIÓN SEXUAL	114	142	176	107	130	125	111
TOTAL	10.023	11.374	12.137	14.026	15.706	12.769	16.986

- Vitimizacións. Grupos de idade

GRUPO DE EDAD	%	2015	%	2016	%	2017	%	2018	%	2019	%	2020	%	2021
EDAD DESCONOCIDA	0,9%	87	1,0%	111	0,7%	91	0,5%	72	0,6%	89	0,5%	59	0,4%	68
MENORES	48,4%	4.852	49,3%	5.607	47,0%	5.700	48,1%	6.747	46,2%	7.250	49,1%	6.274	49,0%	8.317
De 0 a 13 años	26,3%	2.638	25,3%	2.875	23,2%	2.816	23,4%	3.277	22,5%	3.527	23,6%	3.015	22,4%	3.805
De 14 a 17 años	22,1%	2.214	24,0%	2.732	23,8%	2.884	24,7%	3.470	23,7%	3.723	25,5%	3.259	26,6%	4.512
DE 18 A 30 AÑOS	25,1%	2.512	24,5%	2.787	27,6%	3.353	28,7%	4.031	28,5%	4.484	27,0%	3.448	28,3%	4.814
DE 31 A 40 AÑOS	12,8%	1.282	12,7%	1.443	11,7%	1.417	10,9%	1.527	11,5%	1.801	11,1%	1.417	10,2%	1.736
DE 41 A 64 AÑOS	11,8%	1.183	11,6%	1.320	11,9%	1.446	10,9%	1.530	12,3%	1.931	11,4%	1.462	11,2%	1.896
DE 65 AÑOS Y MÁS	1,0%	104	0,9%	105	1,1%	129	0,8%	119	1,0%	151	0,9%	109	0,9%	155
TOTAL	100%	10.020	100%	11.373	100%	12.136	100%	14.026	100%	15.706	100%	12.769	100%	16.986

Segundo se indica no informe do Ministerio do Interior, o desenvolvemento evolutivo histórico das vitimizacións ofrece varios aspectos para ter en conta:

- O primeiro deles é o relacionado co incremento experimentado nas vitimizacións por abusos sexuais.
- A segunda cuestión, ven configurada pola gran proporción de menores como vítimas de delitos sexuais, seguido do grupo de idade de 18 a 30 anos.

2.1.2.4. Análise das vitimizacións segundo o perfil das vítimas: tipoloxía penal, sexo e idade


- Vitimizacións rexistradas segundo sexo

TIPOLOGÍA PENAL	Masculino	Femenino	Desconocido	Total
ABUSO SEXUAL	1.117	7.008	7	8.132
AGRESIÓN SEXUAL	228	2.079	2	2.309
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	175	1.774	2	1.951
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	188	1.487	1	1.676
EXHIBICIONISMO	160	592	0	752
CONTACTO TECNOLOGÍA MENOR 16 AÑOS	142	432	0	574
ACOSO SEXUAL	40	525	0	565
CORRUPCIÓN MENORES/INCAPACITADOS	128	287	8	423
DELITOS RELATIVOS A LA PROSTITUCIÓN	23	251	9	283
PORNOGRAFÍA DE MENORES	91	110	9	210
PROVOCACIÓN SEXUAL	48	63	0	111
TOTAL VICTIMIZACIONES	2.340	14.608	38	16.986



Respecto á distribución por sexo das vitimizacións, móstrase unha proporción onde case 9 de cada 10 son de mulleres. Con todo, tanto nos delitos de pornografía de menores, como os relacionados coa provocación sexual, as diferenzas entre sexos tenden a reducirse.

- Segundo a idade da vítima



Para ambos os sexos, na franxa de 0 a 13 anos destacan as vítimas menores de sexo masculino, onde se concentra o maior número de vitimizacións, seguido polas vítimas menores de 18 a 30 anos.

2.1.2.5. Análise das vitimizacións segundo a nacionalidade da vítima

Año 2021

	Masculino	Femenino	Desconocido	Total	% sobre total	
1.- ESPAÑOLES	1.939	11.476	27	13.442	79,1%	20,9% EXTRANJEROS
2.- EXTRANJEROS	401	3.132	11	3.544	20,9%	
2.1.- ÁFRICA	109	499	0	608	3,6%	79,1% ESPAÑOLES
MARRUECOS	80	380	0	460	2,7%	
NIGERIA	5	24	0	29	0,2%	
Resto	24	95	0	119	0,7%	
2.2.- AMÉRICA	140	1.508	1	1.649	9,7%	
COLOMBIA	27	347	1	375	2,2%	
HONDURAS	12	153	0	165	1,0%	
VENEZUELA	6	142	0	148	0,9%	
ECUADOR	12	130	0	142	0,8%	
BOLIVIA	13	107	0	120	0,7%	
BRASIL	12	95	0	107	0,6%	
Resto	58	534	0	592	3,5%	
2.3.- UNIÓN EUROPEA	100	767	1	868	5,1%	
RUMANÍA	30	269	1	300	1,8%	
FRANCIA	10	85	0	95	0,6%	
ITALIA	11	75	0	86	0,5%	
BULGARIA	13	63	0	76	0,4%	
ALEMANIA	6	65	0	71	0,4%	
PORTUGAL	4	41	0	45	0,3%	
HOLANDA	8	30	0	38	0,2%	
Resto	18	139	0	157	0,9%	
2.4.- ASIA	13	85	0	98	0,6%	
CHINA POPI	3	35	0	38	0,2%	
FILIPINAS	3	15	0	18	0,1%	
Resto	7	35	0	42	0,2%	
2.5.- RESTO PAÍSES	39	273	9	321	1,9%	
TOTAL	2.340	14.608	38	16.986	100%	



O 79,1% das vitimizacións son de persoas nacionais de España, representando un 20,9% as vitimizacións de persoas estranxeiras.

Respecto as vítimas de nacionalidade estranxeira, destacan as de Marrocos e Colombia, que presentan as cifras máis altas, seguida das vítimas nacionais de Romanía.

2.1.2.6. Análise das vitimizacións segundo o perfil da vítima comparándoo cos grupos de idade

- Vitimizacións rexistradas segundo grupo de idade

TIPOLOGÍA PENAL	Descon.	Menores	18-30 anos	31-40 anos	41-64 anos	=>65 anos	Total
ABUSO SEXUAL	27	4.053	2.408	745	814	85	8.132
AGRESIÓN SEXUAL	8	903	760	290	313	35	2.309
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	2	618	716	288	315	12	1.951
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	4	716	609	187	150	10	1.676
EXHIBICIONISMO	4	674	9	21	37	7	752
CONTACTO TECNOLOGÍA MENOR 16 AÑOS	3	498	3	20	50	0	574
ACOSO SEXUAL	1	131	190	110	129	4	565
CORRUPCIÓN MENORES/INCAPACITADOS	6	395	15	5	2	0	423
DELITOS RELATIVOS A LA PROSTITUCIÓN	13	64	83	64	57	2	283
PORNOGRAFÍA DE MENORES	0	163	14	5	28	0	210
PROVOCACIÓN SEXUAL	0	102	7	1	1	0	111
TOTAL VICTIMIZACIONES	68	8.317	4.814	1.736	1.896	155	16.986

- Distribución porcentual de vitimizacions por cada feito delitivo

TIPOLOGÍA PENAL	Descon.	Menores	18-30 anos	31-40 anos	41-64 anos	=>65 anos	Total
ABUSO SEXUAL	0,3%	49,8%	29,6%	9,2%	10,0%	1,0%	100%
AGRESIÓN SEXUAL	0,3%	39,1%	32,9%	12,6%	13,6%	1,5%	100%
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	0,1%	31,7%	36,7%	14,8%	16,1%	0,6%	100%
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	0,2%	42,7%	36,3%	11,2%	8,9%	0,6%	100%
EXHIBICIONISMO	0,5%	89,6%	1,2%	2,8%	4,9%	0,9%	100%
CONTACTO TECNOLOGÍA MENOR 16 AÑOS	0,5%	86,8%	0,5%	3,5%	8,7%	0,0%	100%
ACOSO SEXUAL	0,2%	23,2%	33,6%	19,5%	22,8%	0,7%	100%
CORRUPCIÓN MENORES/INCAPACITADOS	1,4%	93,4%	3,5%	1,2%	0,5%	0,0%	100%
DELITOS RELATIVOS A LA PROSTITUCIÓN	4,6%	22,6%	29,3%	22,6%	20,1%	0,7%	100%
PORNOGRAFÍA DE MENORES	0,0%	77,6%	6,7%	2,4%	13,3%	0,0%	100%
PROVOCACIÓN SEXUAL	0,0%	91,9%	6,3%	0,9%	0,9%	0,0%	100%
TOTAL VICTIMIZACIONES	0,4%	49,0%	28,3%	10,2%	11,2%	0,9%	100%

- Distribución porcentual de vitimizacions dentro do mesmo grupo de idade

TIPOLOGÍA PENAL	Descon.	Menores	18-30 años	31-40 años	41-64 años	=>65 años	Total
ABUSO SEXUAL	39,7%	48,7%	50,0%	42,9%	42,9%	54,8%	47,9%
AGRESIÓN SEXUAL	11,8%	10,9%	15,8%	16,7%	16,5%	22,6%	13,6%
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	2,9%	7,4%	14,9%	16,6%	16,6%	7,7%	11,5%
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	5,9%	8,6%	12,7%	10,8%	7,9%	6,5%	9,9%
EXHIBICIONISMO	5,9%	8,1%	0,2%	1,2%	2,0%	4,5%	4,4%
CONTACTO TECNOLOGÍA MENOR 16 AÑOS	4,4%	6,0%	0,1%	1,2%	2,6%	0,0%	3,4%
ACOSO SEXUAL	1,5%	1,6%	3,9%	6,3%	6,8%	2,6%	3,3%
CORRUPCIÓN MENORES/INCAPACITADOS	8,8%	4,7%	0,3%	0,3%	0,1%	0,0%	2,5%
DELITOS RELATIVOS A LA PROSTITUCIÓN	19,1%	0,8%	1,7%	3,7%	3,0%	1,3%	1,7%
PORNOGRAFÍA DE MENORES	0,0%	2,0%	0,3%	0,3%	1,5%	0,0%	1,2%
PROVOCACIÓN SEXUAL	0,0%	1,2%	0,1%	0,1%	0,1%	0,0%	0,7%
TOTAL VITIMIZACIONES	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Como quedou exposto, as e aos menores de idade e o grupo de 18 a 30 anos representan as tres cuartas partes do total de vitimizacións.

Os abusos sexuais danse en maior proporción nos menores de idade, sendo as agresións sexuais con penetración as máis predominantes no grupo de 18 a 30 anos.

2.1.2.7. Análise das vitimizacións segundo o perfil da vítima: relación vítima/autor, sexo e idade.

- % Vitimizacións sobre el total rexistradas segundo sexo e relación co autor

RELACIÓN VITIMIZACIÓN / AUTOR (*)	MASCULINO	FEMENINO	DESCONOCIDO	TOTAL
Violencia género / pareja	0,1%	3,8%	0,0%	3,9%
Cónyuge	0,0%	0,3%	0,0%	0,3%
Pareja	0,0%	1,5%	0,0%	1,6%
Expareja	0,0%	1,9%	0,0%	1,9%
Separado/divorciado	0,0%	0,2%	0,0%	0,2%
Violencia familiar exc. VdG y pareja	1,2%	7,0%	0,0%	8,2%
Padre/Madre	0,2%	0,9%	0,0%	1,1%
Hijo/Hija	0,5%	1,9%	0,0%	2,4%
Resto violencia familiar	0,6%	4,2%	0,0%	4,7%
Otras relaciones	1,8%	13,6%	0,0%	15,4%
Conocido/vecindad	0,1%	0,8%	0,0%	0,9%
Amistad	0,5%	4,4%	0,0%	4,9%
Laboral/comercial	0,2%	1,6%	0,0%	1,8%
Escolar	0,1%	0,8%	0,0%	0,9%
Otra relación	0,9%	6,0%	0,0%	6,9%
Ninguna / Desconocida	10,7%	61,6%	0,2%	72,5%

% Victimizacións sobre cada sexo y relación con el autor



- % Vitimizacións rexistradas segundo relación co autor e grupo de idade

RELACIÓN VITIMIZACIÓN / AUTOR (¹)	Descon.	0 -13 anos	14 -17 anos	18-30 anos	31-40 anos	41-64 anos	=>65 anos	Total
Violencia género / pareja	0,0%	0,1%	0,7%	1,0%	0,8%	0,9%	0,0%	3,6%
Cónyuge	0,0%	0,0%	0,0%	0,1%	0,1%	0,2%	0,0%	0,3%
Pareja	0,0%	0,1%	0,4%	0,3%	0,3%	0,3%	0,0%	1,4%
Expareja	0,0%	0,1%	0,3%	0,6%	0,4%	0,4%	0,0%	1,8%
Separado/divorciado	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,1%	0,0%	0,1%
Violencia familiar	0,0%	3,4%	1,8%	1,0%	0,2%	0,2%	0,0%	6,7%
Padre/Madre	0,0%	0,3%	0,2%	0,1%	0,0%	0,0%	0,0%	0,7%
Hijo/Hija	0,0%	1,5%	0,7%	0,3%	0,0%	0,0%	0,0%	2,7%
Resto violencia familiar	0,0%	1,6%	0,9%	0,5%	0,2%	0,1%	0,0%	3,3%
Otras relaciones	0,1%	2,2%	2,9%	4,4%	1,7%	1,5%	0,1%	12,9%
Conocido/vecindad	0,0%	0,2%	0,2%	0,2%	0,1%	0,2%	0,0%	0,9%
Amistad	0,0%	0,6%	1,2%	1,6%	0,5%	0,3%	0,0%	4,3%
Laboral/comercial	0,0%	0,0%	0,0%	0,9%	0,5%	0,3%	0,0%	1,8%
Escolar	0,0%	0,3%	0,3%	0,2%	0,1%	0,0%	0,0%	0,9%
Otra relación	0,0%	1,1%	1,2%	1,5%	0,6%	0,7%	0,1%	5,1%
Ninguna / Desconocida	0,3%	10,1%	12,2%	11,6%	4,1%	4,0%	0,4%	42,7%

Dentro da relación vitimización/autor destacan as relacións descoñecidas sobre o resto.

No caso de vitimizacións de mulleres, as que posúen unha relación familiar, incluídas as de parella/exparella, chegan a representar o 12,5% dos casos coñecidos.

Por idades e tipo de relación obsérvanse situacións dispares, xa que na violencia familiar as e aos menores de idade son os máis preponderantes, mentres que nos casos doutras relacións predominan as vitimizacións de 18 a 30 anos.


2.1.2.8. Análise das vitimizacións segundo o perfil do responsable: tipoloxía penal, sexo e idade.

- Detencións / investigados segundo sexo

TIPOLOGÍA PENAL	Masculino	Femenino	Desconocido	Total
ABUSO SEXUAL	4.674	95	0	4.769
AGRESIÓN SEXUAL	1.439	14	0	1.453
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	1.274	24	0	1.298
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	1.090	26	0	1.116
PORNOGRAFÍA DE MENORES	451	16	0	467
EXHIBICIONISMO	393	10	0	403
DELITOS RELATIVOS A LA PROSTITUCIÓN	204	139	0	343
ACOSO SEXUAL	225	1	0	226
CORRUPCIÓN MENORES/INCAPACITADOS	191	20	0	211
CONTACTO TECNOLOGÍA MENOR 16 AÑOS	109	3	0	112
PROVOCACIÓN SEXUAL	41	3	0	44
TOTAL DETENCIONES / INVESTIGADOS	10.091	351	0	10.442



- Idade dos responsables



Para ambos os sexos, na franxa de idade 41-64 anos, é onde se concentra o maior número de responsables, seguido con cifras moi próximas pola de 18 a 30 anos.

2.1.2.9. Análise das vitimizacións segundo o perfil do responsable: sexo e nacionalidade

Nacionalidade das detencións / persoas investigadas

	Masculino	Femenino	Desconocido	Total	% sobre total
1.- ESPAÑOLES	6.624	216	0	6.840	65,5%
2.- EXTRANJEROS	3.467	135	0	3.602	34,5%
2.1.- ÁFRICA	1.141	16	0	1.157	11,1%
Marruecos	787	14	0	801	7,7%
Argelia	100	0	0	100	1,0%
Resto	254	2	0	256	2,5%
2.2.-AMÉRICA	1.396	83	0	1.479	14,2%
Colombia	316	34	0	350	3,4%
Ecuador	230	3	0	233	2,2%
Perú	134	3	0	137	1,3%
Bolivia	116	5	0	121	1,2%
Venezuela	101	8	0	109	1,0%
Dominicana Rep.	94	3	0	97	0,9%
Resto	405	27	0	432	4,1%
2.3.-UNIÓN EUROPEA	585	24	0	609	5,8%
Rumanía	267	15	0	282	2,7%
Italia	49	0	0	49	0,5%
Francia	47	1	0	48	0,5%
Bulgaria	44	2	0	46	0,4%
Portugal	42	2	0	44	0,4%
Alemania	41	0	0	41	0,4%
Polonia	22	3	0	25	0,2%
Resto	73	1	0	74	0,7%
2.4.- ÁSIA	211	10	0	221	2,1%
Pakistán	100	0	0	100	1,0%
China	35	8	0	43	0,4%
Resto	76	2	0	78	0,7%
2.5.- RESTO PAÍSES	134	2	0	136	1,3%
TOTAL	10.091	351	0	10.442	100%



O 65,5% das persoas responsables son nacionais. Respecto as de nacionalidade estranxeira, que representan un 34,5%, destacan as de Marrocos, Colombia e Romanía que presentan as cifras máis altas, aínda que, por zona de procedencia as que presentan un maior volume entre os estranxeiros serían os do continente americano.

2.2. Cifras e evolución en Galicia


Neste apartado analizaranse o resumo de todos os datos territoriais existentes consolidados na comunidade autónoma de Galicia, utilizando os datos do Balance Trimestral de Criminalidade elaborado polo Ministerio do Interior.

Seguindo a mesma estrutura de todo o informe, neste punto analizaranse os datos trimestrais do período 2021 e 2022 así como os datos históricos desde o ano 2016.

2.2.1. Análise trimestral do conxunto de Galicia


As gráficas correspondentes aos catro trimestres do ano reflicten as infraccións penais rexistradas en cada un dos períodos, mencionando primeiramente os datos dos anos 2021 e 2022 e observando o histórico de datos de seguido:

Xaneiro-marzo 2021 vs 2022 Galicia




Durante o período xaneiro-marzo do ano 2021 presentáronse 132 casos de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual. No mesmo período do ano 2022 presentáronse 166 casos, xerando un aumento do 25.8% respecto ao mesmo período do ano 2021.

Xaneiro-xuño 2021 vs 2022 Galicia




Entre xaneiro e xuño do ano 2022 presentáronse na nosa comunidade un total de 377 casos de delitos de índole sexual, cunha variación do 16.4% respecto ao mesmo período do ano 2021, onde houbo 324. Durante este trimestre a taxa de crecemento desde tipo de delitos aumentou de forma menor que a do período anterior, que creceu nun 25.8%.

Xaneiro-setembro 2021 vs 2022 Galicia




No período que vai de xaneiro a setembro do 2022 acometéronse en Galicia un total de 557 delitos sexuais, mentres que no mesmo período do ano 2021 houbo 517. Isto representa un aumento do 7.3% respecto ao mesmo período do ano anterior. É o aumento máis baixo entre todos os datos deste período analizados entre o 2021 e o 2022.

Xaneiro-decembro 2021 vs 2022 Galicia




No cómputo final do ano, pódese observar que en Galicia cometéronse 29 delitos de índole sexual máis que no ano anterior, producíndose un aumento do 4,68%.

Histórico xaneiro-marzo Galicia



No histórico de datos do período xaneiro-marzo existe unha tendencia ascendente dende o 2016 ata o 2022, descendendo levemente o número de delitos sexuais cometidos nos anos 2020 e 2021. Para o mesmo período do 2022 e respecto ao primeiro dato do 2016 cométense 85 delitos sexuais máis, un aumento do 104% en 6 anos.


Histórico xaneiro-xuño Galicia



Os datos históricos de xaneiro a xuño en Galicia reflicten dúas alzas que serán recorrentes en varios territorios da nosa comunidade ao longo deste informe: os anos 2019 e 2022 representan dous picos de delitos sexuais cometidos.

Entre o 2016 e o 2022 aumentaron os delitos de índole sexual un 87.5%, crecendo a un gran ritmo nos anos 2021 e 2022.


Histórico xaneiro-setembro Galicia



Os datos históricos do período xaneiro-setembro na nosa comunidade indícanos un 2019 na liña dos trimestres anteriores, cun aumento significativo. Neste período, pódese atopar un forte incremento no ano 2021, aumentando así un 27.5% respecto a 2020.

En 2022 tamén aumentou un 7.3% co respecto o ano anterior.

Histórico xaneiro-decembro Galicia



O histórico do período xaneiro – decembro, segue unha tendencia alcista desde o ano 2016, só descendendo levemente no ano 2020 para continuar o seu incremento ata o 2022.

Conclusións do impacto autonómico en cifras:

- No ano 2022 batéronse os máximos históricos en delitos de carácter sexual en todos os períodos analizados.
- O período xaneiro-setembro do ano 2022, especialmente no período de verán (xuño – setembro), achega a maior cantidade de delitos sexuais, presentando unha marcada estacionalidade.
- Existía unha tendencia á alza que se reverteu o ano da pandemia, para volver a presentarse dende o 2021 e seguir no 2022.

2.2.2. Análise provincial

A análise provincial desagrega os datos en catro apartados, un por cada provincia galega.

Esta análise provincial explica como se comportan os datos de delitos sexuais nas catro provincias e tamén reflicte como afectan ao total da comunidade autónoma.


Utilizaranse os datos do Balance Trimestral de Criminalidade do Ministerio do Interior para profundar no comportamento dos datos ao longo dos seis anos

analizados, e poder concluír o desprazamento e a distribución dos delitos sexuais nas provincias galegas.

2.2.2.1. A Coruña

De cara a este ano 2022 a provincia da Coruña aumentou os seus delitos sexuais en todos os trimestres, diferindo en pouca cantidade do dato autonómico, polo tanto, manténdose na mesma liña que Galicia.


Xaneiro-marzo 2021 vs 2022 provincia da Coruña



No período xaneiro-marzo do ano 2021 presentáronse 50 casos de delitos de índole sexual na provincia da Coruña. No ano 2022, a cifra ascendeu ata os 62. Este aumento representa un 24% máis respecto ao mesmo período do ano anterior.


O total de Galicia foi un aumento do 25.8% neste período, o que para a provincia da Coruña representa un crecemento do 1.8%, unha porcentaxe menor a media da comunidade autónoma.

Xaneiro-xuño 2021 vs 2022 provincia da Coruña



Entre xaneiro e xuño do ano 2022 presentáronse un total de 151 casos de delitos de carácter sexual, 36 máis que no mesmo período do ano anterior. Isto representa un aumento do 31.3% respecto a 2021, un 5.5% máis que os datos referentes á comunidade de Galicia.


Xaneiro-setembro 2021 vs 2022 provincia da Coruña



No período xaneiro a setembro do ano 2022 a provincia da Coruña presentou 225 casos de delitos sexuais, o que supón un aumento do 14.2% respecto ao ano 2021, no que se deron 197.


Aínda que é o trimestre con máis casos, este aumento representa un 11.6% menos que o aumento rexional de Galicia.

Xaneiro-decembro 2021 vs 2022 provincia da Coruña



No tocante ao período que vai de xaneiro a decembro, o aumento foi de 35 se se fai a comparación do ano 2022 co 2021. En total, aumentaron os casos de delitos de índole sexual un 15.3%


Histórico xaneiro-marzo provincia da Coruña



Nos datos históricos pódese ver unha tendencia diferente no comportamento dos delitos de índole sexual na provincia da Coruña, baixando no ano 2017 un 23.26% (mentres na comunidade ascendía un 18.51%), pero repuntando de forma considerable no período 2018-2019 no que aumenta.

No ano 2019 presentase a máxima do histórico dos delitos de índole sexual, observándose un descenso de delitos ata o ano 2021. No último ano 2022 aumentaron en 12 os actos cometidos respecto do ano anterior.


Histórico xaneiro-xuño provincia da Coruña



O período xaneiro-xuño no histórico da provincia da Coruña compórtase de forma lineal coa excepción dos anos 2019 e 2022 nos que creceu significativamente respecto ao mesmo período dos anos anteriores.

No ano 2022 obsérvase o máximo histórico do período xaneiro-xuño na provincia da Coruña.


Histórico xaneiro-setembro provincia da Coruña



O histórico de delitos sexuais dos meses de xaneiro a setembro na provincia da Coruña presenta no ano 2019 o seu maior aumento. No ano 2022 continúa

a tendencia que xa marcaba antes da pandemia, tendo alzas no ano 2019 e 2022. Estes dous anos reflicten máximos no histórico deste período na provincia da Coruña.

Histórico xaneiro-decembro provincia da Coruña




No período de xaneiro a decembro a provincia da Coruña aumentou un 15.3% os casos de delitos sexuais no período 2021-2022. En comparativa ao primeiro dato, o do 2016, o aumento nestes seis anos foi do 43.71%.

2.2.2.2. Lugo

A provincia de Lugo, ao igual que a da Coruña, non difire no seu comportamento dos datos autonómicos do período 2021-2022, aumentando en todos os trimestres a súa cantidade de delitos sexuais.

Esta provincia ten unha particularidade, e é que en todos os períodos analizados marcou máximos históricos no ano 2020, sendo a única da nosa comunidade que se comportou desta maneira.


Xaneiro-marzo 2021 vs 2022 provincia de Lugo



Na provincia de Lugo entre o primeiro trimestre dos anos 2021 e 2022 aumentaron de 12 a 15 os casos de delitos sexuais, representando un aumento do 25% respecto ao ano anterior.


Aínda que sexa o período con menos cantidade de delitos sexuais na provincia de Lugo, é no que máis crece, elevando un 7% respecto aos outros trimestres.

Xaneiro-xuño 2021 vs 2022 provincia de Lugo




No segundo período do ano, os casos de delitos sexuais pasaron de 28 no 2021 a 33 no 2022, presentando un aumento interanual do 17.9%, tendo só unha décima de diferenza no crecemento respecto ao trimestre seguinte.

Xaneiro-setembro 2021 vs 2022 provincia de Lugo




No período entre xaneiro e setembro en Lugo, aumentaron os casos de delitos sexuais un 17.8%, pasando de 45 casos no 2021 a 53 no ano 2022, sendo 1 décima maior que o trimestre anterior pero 7 puntos menor que o primeiro.

Xaneiro-décembro provincia de Lugo



No cómputo desde período, pódese observar unha subida de 5 casos que afectan á provincia de Lugo. Isto supón unha subida no cómputo interanual do 8.7%%, inferior á do resto dos períodos analizados.


Histórico xaneiro-marzo provincia de Lugo



Nestes datos históricos do primeiro trimestre da provincia de Lugo pódense observar os picos de 2017 e 2020, pouco frecuentes nos demais datos deste informe.

No ano 2022 e respecto aos datos de anos anteriores, pódese observar unha diminución de 4 casos respecto ao máximo histórico de 19, pero tamén un aumento de 9 casos respecto a 2016.


Histórico xaneiro-xuño provincia de Lugo



No ano 2022 equipárase o máximo histórico do período xaneiro-xuño na provincia de Lugo cun total de 33 delitos de carácter sexual.

Comparando con datos anteriores, este período do ano 2022 tivo 12 delitos máis que o mínimo histórico (2018) e 11 máis que o ano 2016, no que comezan os datos analizados.


Histórico xaneiro-setembro provincia de Lugo



Entre xaneiro e setembro do ano 2018 presentouse un descenso significativo nos delitos de carácter sexual na provincia de Lugo, pero no 2019 recupérase a tendencia ascendente anterior de novo, volvendo a ter un aumento importante no ano 2022.

No ano 2022, os delitos de carácter sexual aumentaron en 24 dende o dato de menor valor ocorrido no ano 2018.

Histórico xaneiro-decembro provincia de Lugo



Neste histórico do acumulado do ano na provincia de Lugo pódese observar o máximo histórico no ano 2022, que superou por 2 casos o antigo máximo do 2019.


Este ano 2022 rompeu a tendencia á baixa que ocorría dende o ano 2019, aumentando en 5 os casos respecto ao ano 2021.

2.2.2.3. Ourense

A provincia de Ourense tamén sigue a liña marcada polas provincias da Coruña e Lugo, aumentando en todos os seus trimestres no período 2021-2022.


A particularidade da provincia de Ourense é o forte aumento dos delitos no período 2016-2022, cando os datos se multiplicaron por case 10 veces os valores iniciais.

Xaneiro-marzo 2021 vs 2022 provincia de Ourense




Neste primeiro trimestre do ano pódese observar na provincia de Ourense un aumento de 22 a 27 casos de delitos sexuais. Isto supón un aumento do 22.7% respecto ao mesmo período do ano anterior.

Xaneiro-xuño 2021 vs 2022 provincia de Ourense




No período xaneiro-xuño, a provincia de Ourense pasou de ter 44 delitos de carácter sexual no 2021 a ter 61 no ano 2022, representando un aumento significativo do 38.6%.

Xaneiro-setembro 2021 vs 2022 provincia de Ourense




Durante os meses que van de xaneiro a setembro do ano 2022 na provincia de Ourense houbo 82 delitos sexuais, 23 máis que no mesmo período do ano anterior, supoñendo un aumento do 39%.

Xaneiro-decembro 2021 vs 2022 provincia de Ourense



No cómputo do ano na provincia de Ourense obsérvase un forte aumento dos delitos de índole sexual, pasando estes de 60 no ano 2021 a 98 no ano 2022. Isto supón un aumento do 63.33%.


Histórico xaneiro-marzo provincia de Ourense



Durante o histórico do primeiro trimestre do ano na provincia de Ourense pódese observar que houbo un aumento exponencial dos delitos sexuais entre o ano 2016 e o 2018. Tamén aumentou, aínda que con menor forza, durante o período 2020-2022.

Se se comparan os datos do 2022, neste último ano aumentaron en 26 os delitos sexuais respecto ao 2016, un 2.700% e, respecto ao 2020, no ano 2022 duplicáronse os casos desta tipoloxía de delito.


Histórico xaneiro-xuño provincia de Ourense



No ano 2022 bateuse tamén o récord do período entre xaneiro a xuño, chegando ata os 61 casos.

Respecto ao 2016 (inicio dos datos) aumentouse en 56, facendo un aumento total do 1.100% nos últimos 7 anos.


Histórico xaneiro-setembro provincia de Ourense



O histórico dos meses comprendidos entre xaneiro e setembro compórtase do mesmo modo que os períodos anteriores, seguindo unha tendencia similar e marcando as subidas nos anos 2021 e 2022, ao igual que no histórico do primeiro e segundo trimestres.

Porcentualmente, este foi o período que menos creceu, aínda que os datos comparados entre 2016 e 2022 mostran un aumento do 530%.

Histórico xaneiro-decembro provincia de Ourense




Neste cómputo do histórico dos datos da provincia de Ourense obsérvase o analizado nos históricos dos períodos anteriores: un aumento significativo dende o ano 2016 ata o 2022, pasando de 18 casos ata os 98, presentando un aumento do 444% en 6 anos.

2.2.2.4. Pontevedra


A nivel provincial e seguindo os datos estatísticos, Pontevedra é a provincia que presenta e ten os datos menos elevados dos que se analizan seguindo a balanza de criminalidade para este ano 2022, e como cidade, Vigo sería o municipio galego no que o aumento da criminalidade non é tan elevado coma no resto do territorio galego.

Xaneiro-marzo 2021 vs 2022 provincia de Pontevedra




A provincia de Pontevedra presenta no seu primeiro trimestre un aumento que vai de 48 ata o 62 delitos cometidos no período que vai do ano 2021 ata o 2022, representando un 29.2% de subida.

Xaneiro-xuño 2021 vs 2022 provincia de Pontevedra




A provincia de Pontevedra diminuíu o seu total de delitos sexuais no período xaneiro-xuño no ano 2022, pasando de 137 a 132, un descenso do 3.6%

Xaneiro-setembro 2021 vs 2022 provincia de Pontevedra



Entre xaneiro e setembro vólvese a atopar unha baixada dos delitos de carácter sexual na provincia de Pontevedra. En 2021 houbo 218 delitos e en 2022 baixou ata os 197, chegando a ter un 9.6% menos que no mesmo período do ano anterior.


Xaneiro-décembro 2021 vs 2022 provincia de Pontevedra



O cómputo xeral da provincia de Pontevedra entre os anos 2021 e 2022 reflicte un descenso de 49 casos de delitos sexuais. Isto supón unha diminución do 21.77% respecto ao 2021.


Pontevedra é a única provincia da comunidade autónoma que presenta un descenso dos casos de delitos sexuais no total do ano respecto ao 2021.

Histórico xaneiro-marzo provincia de Pontevedra



No histórico de delitos de índole sexual na provincia de Pontevedra pódese observar unha tendencia ascendente, aumentando un 200% esta tipoloxía analizada no período 2016-2022.


Histórico xaneiro-xuño provincia de Pontevedra



No histórico do período xaneiro-setembro da provincia de Pontevedra, pódese observar un aumento do 67.1% dos delitos de carácter sexual no período que vai do 2016 ata o 2022.

O máximo deste período preséntase durante o ano 2021, onde presentou 5 casos máis que o 2022.


Histórico xaneiro-setembro provincia de Pontevedra



Os datos históricos do período xaneiro-setembro do 2022 da provincia de Pontevedra mostran o mesmo comportamento que os de xaneiro-xuño. O descenso que comezou no trimestre anterior segue presente neste período, facendo que os casos de delitos sexuais baixen respecto a 2021.

Só Pontevedra baixa os delitos de índole sexual no terceiro trimestre do ano 2022.

Histórico xaneiro-decembro provincia de Pontevedra




No cómputo final dos anos analizados, pódese resaltar que o ano 2022 presenta o menor dato de delitos sexuais dende o ano 2019, baixando en 26 casos respecto a este e en 49 respecto a 2021.

2.2.2.5. Distribución provincial

A distribución provincial do período 2016–2022 móstranos de forma visual a evolución dos delitos en cada unha das provincias galegas.

Segundo os datos do Balance Trimestral de Criminalidade dos anos 2016 e 2022, a distribución provincial é a seguinte:

Período xaneiro-marzo




Na evolución entre o ano 2016 e o 2022 obsérvase que a provincia de Ourense aumentou significativamente a súa achega ao total de delitos de Galicia, aumentando un 2.700% neste período. As demais provincias tamén

aumentaron os seus datos de delitos sexuais, pero non de forma tan avultada como Ourense.


Porcentualmente, a provincia de Ourense pasa de ter o 4% ao 16% dos delitos sexuais da comunidade autónoma. Lugo aumenta un 3%, mentres que Pontevedra e A Coruña descenden lixeiramente.

Período xaneiro-xuño



No período xaneiro-xuño volve a resaltar Ourense polo seu significativo aumento, pasando de representar o 2% dos delitos de tipoloxía sexual ao 16% no total de Galicia. As demais provincias diminúen a súa aportación ao total galego.


Período xaneiro-setembro



Entre os meses de xaneiro e setembro, provincia de Pontevedra reduce a súa achega ao total de Galicia do 42% ao 35%. A Coruña e Lugo tamén reducen a súa porcentaxe, aínda que en menor medida.

Ourense segue a aumentar a súa representación no total galego de delitos de carácter sexual, pasando do 4% ao 15% dende o ano 2016 ata o 2022.

Período xaneiro-decembro



A provincia de Ourense segue a súa tendencia e aumenta a súa achega de delitos sexuais ao total de Galicia, pasando do 4% ao 15% en 6 anos.

O resto de provincias (A Coruña, Pontevedra e Lugo) reducen a súa achega ao total galego. Observando pormenorizadamente os datos da distribución provincial, pódese ver que a provincia de Pontevedra ten unha tendencia á diminución da súa porcentaxe do total da comunidade autónoma. Tamén teñen esta tendencia as provincias da Coruña e Lugo, pero en menor medida.

A provincia de Ourense presenta en todos os períodos un aumento da súa porcentaxe do total de Galicia.

A decembro de 2022, esta é a comisión de delitos a nivel provincial e no conxunto de Galicia:

Territorio	Nº de delitos sexuais	Porcentaxe
Provincia da Coruña	263	41%
Provincia de Lugo	62	15%
Provincia de Ourense	98	9%
Provincia de Pontevedra	225	35%
Total Galicia	648	100%

Conclusións do impacto provincial:

- A provincia da Coruña presenta picos en case todos os seus períodos no 2019, que volven a repetirse no ano 2022, achegándose aos máximos históricos.

A Coruña é a provincia que máis casos de delitos sexuais achega ao total da comunidade de Galicia.

- No caso da provincia de Lugo, é a que menos delitos comete por habitante e na que menos delitos de carácter sexual se cometen de media. Lugo presenta máximos no 2020 e no 2022, sendo os datos anuais maiores neste último ano.
 - No caso da provincia de Ourense, é a que máis crece en datos porcentuais de todas as provincias galegas, tanto en delitos cometidos, coma delitos por habitante e en delitos cometidos de media.
 - A provincia de Pontevedra é na única na que todos os datos analizados baixan no ano 2022, incluíndo delitos cometidos, delitos por habitante e a media mensual de delitos.
- Así, a provincia de Pontevedra está moi correlacionada cos datos da cidade de Vigo, que é a máis poboada do territorio tanto provincial coma rexional.

2.2.3. Delitos por cada 10.000 habitantes

Utilizando como fonte o Balance Trimestral de Criminalidade para os delitos sexuais e o Instituto Nacional de Estatística para os datos de poboación, o cálculo dos delitos de índole sexual por cada 10.000 habitantes é o seguinte:

Ano	Delitos sexuais por cada 10.000 habitantes						
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Galicia	1,60	1,69	2,00	2,35	2,05	2,30	2,41
Provincia da Coruña	1,63	1,61	1,94	2,42	1,90	2,04	2,35
Provincia de Lugo	1,55	1,53	1,45	1,82	1,77	1,75	1,91
Provincia de Ourense	0,57	1,48	2,33	1,69	1,83	1,97	3,22
Provincia de Pontevedra	1,92	1,93	2,15	2,66	2,41	2,91	2,38

Segundo se recolle na táboa podemos concluír o seguinte respecto aos datos das catro provincias e do total de Galicia:

- Todas as provincias presentan aumentos na taxa de delitos por cada 10.000 habitantes.
- A provincia de Ourense é que maior aumento presenta, pasando de 0.57 a 3.22 delitos por cada 10.000 habitantes.

- A que menos crece é a provincia de Lugo, aumentando en 0.36 os seus delitos sexuais por cada 10.000 habitantes.
- A comunidade de Galicia pasa de 1.60 a 2.41 delitos de carácter sexual por cada 10.000 habitantes.

2.3. Análise local. Concellos máis representativos


A continuación analízanse os datos dos tres concellos máis poboados e, polo tanto, tamén con maiores movementos de poboación estacional de Galicia, coa finalidade de poder extraer conclusións sobre o comportamento dos delitos a nivel provincial.

Da mesma forma que no resto do presente informe, a fonte dos datos analizados é o Balance Trimestral de Criminalidade elaborado polo Ministerio do Interior.

2.3.1. Concello de Santiago de Compostela

O Concello de Santiago de Compostela compórtase de forma particular e allea aos demais territorios, aínda que marca un mínimo durante o ano 2020.

Histórico xaneiro-marzo Concello de Santiago de Compostela




Entre xaneiro e marzo dos anos 2021 e 2022 non variou a cifra de delitos de índole sexual no Concello de Santiago de Compostela, converténdoo no único territorio analizado neste informe que non cambiou os seus valores respecto ao 2021.

No histórico, o ano 2019 é o que máis delitos ten, cun total de 12, 3 máis que o 2022.

A comparación do ano 2022 co ano 2020 (o dato mínimo histórico) revela que hai un aumento de máis do 400%, pasando de 2 delitos sexuais a 9.


Histórico xaneiro-xuño Concello de Santiago de Compostela



No período xaneiro-xuño, entre os anos 2021 e 2022, aumentaron de 16 a 22 os casos de delitos sexuais no Concello de Santiago de Compostela.

No histórico, segue o mesmo patrón que o período anterior, e obsérvase o mínimo histórico en 2020 con 5 delitos, que para o ano 2022 xa pasarían a ser 22, multiplicándose por máis de 4 a cifra neste período, e por 3 se se fai a comparación do ano 2022 co dato máis antigo, que é o do 2016.

Histórico xaneiro-setembro Concello de Santiago de Compostela




Dende xaneiro ata setembro, entre os anos 2021 e 2022, os casos de delitos sexuais pasaron de 25 a 26, co aumento dun caso.

O histórico segue a comportarse igual que os demais períodos do Concello de Santiago, tendo o mínimo no 2020 e o máximo no 2019.

Respecto a estes dous anos, o 2022 tivo 10 delitos sexuais menos que o máximo histórico deste período, e se se fai a comparación co mínimo (2020), a cifra aumenta de 15 a 26 delitos nos meses de xaneiro a setembro.

Histórico xaneiro-decembro Concello de Santiago de Compostela




No cómputo final do ano do Concello de Santiago queda patente o aumento dos delitos de índole sexual que se observa nos períodos anteriores ao ano 2019.

A data de 2022, o total do ano foi de 31 delitos sexuais, presentando unha tendencia en aumento que parte no 2020 con 18 delitos cometidos.

2.3.2. Concello da Coruña

Os datos do Concello da Coruña son comparables á provincia de Pontevedra e ao Concello de Vigo, xa que tanto no primeiro coma no terceiro trimestre do ano 2022 diminuíron os datos de delitos de carácter sexual, mentres que no segundo trimestre mantivéronse os datos do 2021.

Histórico xaneiro-marzo Concello da Coruña




O Concello da Coruña mostra entre xaneiro e marzo un descenso de 18 a 16 casos de delitos sexuais no período 2021-2022.

O máximo histórico deste período no Concello da Coruña marca o ano 2019, cun total de 19 casos de delitos de índole sexual, diminuindo en ata 16 os casos no 2022.

No primeiro trimestre do ano 2022 aumentaron en 7 os casos de delitos sexuais respecto ao mínimo, que foi nos anos 2017 e 2018.

Histórico xaneiro-xuño Concello da Coruña




Durante o período que comprende os meses de xaneiro ata xuño dos anos 2021 e 2022 mantívose o número de delitos de índole sexual no Concello da Coruña, sendo este un total de 40.

Este período compórtase coa mesma tendencia que o resto do ano, excepto porque no ano 2022 mantívose a mesma cifra de delitos cometidos que no ano pasado.

Respecto ao mínimo de 2018, aumentaron en 17 os casos de delito sexual, e respecto ao máximo, só diminuíu en 2.


Histórico xaneiro-setembro Concello da Coruña



Nos datos do período xaneiro a setembro, pódese observar unha diminución de 13 delitos de carácter sexual, pasando de 64 a 51 dende o ano 2021 ata o 2022.

Neste período de 2022 aumentaron en 10 os casos dende o 2016 (comezo dos datos) e en 17 no mínimo histórico dos anos 2017 e 2019.

Histórico xaneiro-decembro Concello da Coruña



No cómputo anual do Concello da Coruña tamén se pode observar o pico do 2019, onde marcou un histórico de 77 casos de delitos sexuais.


En canto aos resultados do 2022, marcaron un resultado igual aos do ano 2020, ambos con 57 delitos de índole sexual.

O mínimo no histórico de datos preséntase no ano 2017 con 53 casos, 4 menos que no 2022.

2.3.3. Concello de Vigo

Os datos do Concello de Vigo revelan que diminuíron os casos de delitos de índole sexual en todos os trimestres do período 2021-2022.


Histórico xaneiro-marzo Concello de Vigo



Os datos dos primeiros trimestres do Concello de Vigo seguen un patrón particular, que ten unha tendencia alcista ata o 2021, ano no que fai tope máximo en 25 delitos de carácter sexual e baixa ata os 23 no ano 2022.

Para o ano 2022, os delitos de índole sexual aumentaron un 91%, pasando de 12 a 23 se se fai a comparación co ano 2016, ano no que comezan os datos desta análise.


Histórico xaneiro-xuño Concello de Vigo



O período xaneiro-xuño en Vigo, aínda que xa non segue un patrón ascendente, tamén fai tope no ano 2021, chegando ata os 60 casos de delitos de índole sexual. Para o ano 2022, esta cifra baixa ata os 51 casos.


O aumento da cidade de Vigo respecto ao seu mínimo histórico do período xaneiro-xuño (ano 2016) foi do 70%, pasando de 30 a 51 casos de delito de carácter sexual.

Histórico xaneiro-setembro Concello de Vigo



Nos meses dende xaneiro ata setembro entre os anos 2021-2022 pódese observar un descenso dende os 80 ata os 76 casos de delitos de índole sexual no concello de Vigo.

Histórico xaneiro-decembro Concello de Vigo



No ano 2022 o Concello de Vigo diminuíu os delitos sexuais en 11 casos, sendo estes 105 no ano 2021 para pasar a ser 94 no 2022.

Os datos anuais históricos de Vigo van en liña cos da provincia de Pontevedra, e sendo a cidade máis poboada da provincia, un cambio nos datos desta cidade reflíctense con moita visibilidade no total da provincia.

A cidade de Vigo diminuíu en todos os períodos analizados os seus datos de delitos sexuais. Foi o único territorio, xunto coa provincia de Pontevedra, que acadou este logro.

2.3.4. Conclusións da análise local

- Santiago de Compostela presenta o seu máximo no ano 2019, moi por encima dos datos de anos máis recentes. O 2022 pecha cun lixeiro aumento respecto ao 2021.
- O Concello da Coruña presenta descensos xeneralizados, excepto no período xaneiro-xuño, no que repite a mesma cantidade de delitos sexuais do ano 2021.
- Vigo presenta unha baixada xeneralizada en todos os períodos analizados, acompañando así aos datos da provincia de Pontevedra.

2.4. Conclusións finais da análise da Comunidade Autónoma de Galicia

Durante o ano 2022 a gran maioría de territorios de Galicia aumentaron os seus datos de delitos sexuais respecto ao mesmo período do ano 2021.

- A provincia da Coruña aumenta en todos os períodos analizados.
- A cidade da Coruña aumenta os casos de delitos de índole sexual no primeiro trimestre, mantense no segundo e descende no terceiro.
- Santiago de Compostela mantense o primeiro trimestre, pero sobe o segundo e o terceiro.
- A provincia de Lugo aumenta os casos de delitos sexuais en todos os períodos analizados.
- A provincia de Ourense, aumenta os todos os trimestres analizados.
- Na provincia de Pontevedra só aumentan as violacións durante o primeiro trimestre do ano 2022 respecto a 2021.
- A cidade de Vigo reduciu o número de delitos de ámbito sexual en todos os períodos de 2022 respecto a os datos de 2021.


En resumo, no conxunto da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2022 aumentou o número de delitos sexuais respecto do ano 2021, especialmente nas provincias de Lugo, Ourense e A Coruña, pero destacando a diminución dos delitos na provincia de Pontevedra.

3. A REALIDADE DETRÁS DOS NÚMEROS

Segundo recolle a publicación "Radiografía da violencia sexual: as cifras" de "geoviolenciasexual.com", unha síntese estimativa, realizado polo Grupo de Estudos Avanzados en Violencia (GEAV) da Universidade de Barcelona para o Ministerio do Interior (2020), *observar a violencia sexual é difícil porque é máis frecuente que suceda en contextos privados e adoita esconderse tanto polo perpetrador como a miúdo pola vítima ou polas testemuñas, de habelos.*

Por iso, *a aproximación á cuantificación dos actos de violencia sexual debe ter en conta que se dividen en dous grupos: os que se coñecen e os que non se coñecen. A estes últimos chámaseles "datos ocultos" ou "cifra negra": a parte de feitos criminais que non son coñecidos pola policía e a xustiza, escondidos do escrutinio público.*

Para describir a realidade cuantitativa da violencia sexual propón utilizar a metáfora do iceberg, segundo se explica no citado informe e se recolle no seguinte gráfico.



Prevalencia e incidencia son dous conceptos epidemiolóxicos clave na investigación. A prevalencia describe unha imaxe de grupo, co número de persoas afectadas nunha poboación dada –cada 1.000, 10.000 habitantes, etc.-; xa sexa unha prevalencia puntual –número de casos nun momento concreto–, de período –por exemplo, no último ano–, ou ao longo da vida –por exemplo, se unha enquisa de vitimización pregunta se foi vítima de violencia sexual algunha vez na súa vida–.

A incidencia é un indicador de proporción de novos casos que pode proporcionar información sobre o que está a suceder. Segundo a súa orixe, os indicadores utilizables para a medición da violencia sexual poden ser: Datos oficiais, tales como denuncias ante a policía, dilixencias xudiciais, sentenzas, estatísticas de condenados. Datos non oficiais, obtidos en enquisas de vitimización ou outros estudos.

Con tales ferramentas, a estimación dos casos reais da violencia sexual aproxímase coa combinación de diferentes fontes de información; de feito, as persoas expertas da Organización Mundial da Saúde (OMS) sinalan a importancia de complementar os datos administrativos ou oficiais coas enquisas de vitimización.

O indicado Grupo de Estudos Avanzados en Violencia (GEAV) da Universidade de Barcelona estima que, atendendo ás cifras proporcionadas por Nacións Unidas, España sitúase *"nunha posición intermedia respecto á taxa de denuncias por delitos contra a liberdade e a indemnidade sexual, en comparación co resto dos países do mundo; aínda que en relación con Europa, atoparíase dentro da franxa intermedia superior"*.

En relación ao resto de delitos, aproximadamente os delitos sexuais no noso país supoñen o 1% do total de denuncias anuais. Así, para 2021, o Ministerio do Interior rexistrou un total de 1.957.719 infraccións penais, das cales 17.016 foron delitos sexuais, o que supón un 0,87% dos rexistros. Cunha subida próxima ao 90% nunha década (2012-2021), a forte tendencia á alza dos delitos sexuais rexistrados en España é moito maior que a da criminalidade xeral: Segundo o último Balance de Criminalidade do Ministerio do Interior (xaneiro-setembro 2022), a criminalidade total rexistrada en España en 2022 é un 5,5% maior que en 2019.

Entre os tipos penais en aumento, dispárase a cibercriminalidade (un 89% máis en 2022 que en 2019; esta cibercriminalidade representa un 12,5% do total).

A serie histórica da última década mostra a evolución crecente dos delitos sexuais, só alterada en 2020, ano marcado pola excepcionalidade das medidas contra a pandemia do Covid-19. Entre 2012 e 2021, o incremento dos delitos sexuais rexistrados en 10 anos é dun 88,9%.

Segundo se recolle na publicación Radiografía da Violencia Sexual o incremento dos delitos sexuais para os nove primeiros meses de 2022, é do 16,3% respecto ao mesmo período do ano anterior. Deles, as violacións rexistradas aumentaron un 21,5%. Entre xaneiro e setembro de 2022 rexistráronse 13.455 delitos contra a liberdade sexual, deles, 1.942 violacións, o que supón pasar dun cociente de 5 violacións ao día en 2019 a 7 ao día en 2022.

A publicación Radiografía da Violencia Sexual recolle tamén, ao igual que este informe, a relevancia de que o propio Ministerio do Interior nos seus últimos balances recoñeza este forte aumento, sobre todo a partir de 2014, á vez que fai este apuntamento:

"Devandito incremento debe poñerse, en parte, en relación coas activas políticas de concienciación e de redución da tolerancia social e persoal que se traducen nunha maior disposición das vítimas para denunciar estes delitos", reducindo os niveis de infradenuncia, aínda que non xustifica a base empírica desta afirmación.

No caso da cibercriminalidade sexual, o maior volume de denuncias nesta última década é correlativo á evolución do acceso a internet a idades cada vez máis temperás.

O 98% dos e dos menores españois de 10 a 15 anos utiliza internet de forma habitual desde a pandemia e 7 de cada 10 menores teñen teléfono móbil, segundo o Observatorio Nacional de Tecnoloxía e Sociedade (ONTSI, 2022).

Do último informe do Ministerio do Interior, Informe sobre delitos contra a liberdade e indemnidade sexual en España 2021, analizado anteriormente, extráese que: a subida dos delitos sexuais entre 2020 e 2021 é do 29,2%.

Os delitos sexuais con tendencia alcista en 2021 son abusos e agresións sexuais (con e sen penetración), exhibicionismo, os relativos á prostitución e o acoso sexual.

- En 2021, a suma de abusos e agresións sexuais (con e sen penetración) supón o 81% de todos estes delitos.
- Case 9 de cada 10 vitimizacións son sobre mulleres e nenas (o 86%).
- A metade da violencia sexual rexistrada ten vítimas menores.
- Do total de vitimizacións (16.986), 8.317 son sobre as e os menores. Iso supón un 49% de vitimizacións.
- As vitimizacións de nenas (0-17 anos) son o 83%, fronte ao 17% as de nenos. O 79% das vitimizacións son españolas, as 21% estranxeiras.

En canto ao perfil das persoas responsables, ao contrario que nas vitimizacións, a proporción de responsables homes dos delitos sexuais é extremadamente alta: son o 97%.

Deste dato, un 8,4% son menores de idade. Por nacionalidades, o 65,5% son españois e o 34,5% son persoas estranxeiras. En canto á cibercriminalidade sexual, 8 de cada 10 casos son contra menores de idade. O 72% das vitimizacións son de sexo feminino. Obsérvase "estacionalidade" na serie de

datos de feitos coñecidos, correspondendo o maior volume aos meses de maio a outubro.

Obsérvase unha elevada alza dos delitos sexuais cometidos en grupo, é dicir, por dous o máis responsables:

- Interior rexistra 573 delitos sexuais denunciados que foron cometidos por dous ou máis homes en 2021. A maior parte destes delitos correspóndense con agresións e abusos sexuais sen penetración (385 casos, o 67,2%), mentres que abusos e agresións sexuais con penetración son 188 casos, o 32,8%.
- Os casos con responsables múltiples representan un 4,3% do total das agresións e abusos sexuais rexistrados en 2021.
- Entre os 371 casos de 2016 e os 573 de 2021, o incremento do número de casos anuais foi do 54,4%.

No tocante á violencia sexual contra menores, o estudo de Save the Children, "Los abusos sexuales hacia la infancia en España", presentado en novembro de 2021, analiza 432 casos de abuso sexual infantil cometidos entre 2019 e 2020, e as súas respectivas sentenzas xudiciais.

As súas principais conclusións son as seguintes:

- *Sobre o perfil das vítimas, no 78,9 % dos casos analizados as vítimas son de sexo feminino.*
- *A idade media na que os nenos e as nenas comezan a sufrir abusos é aos 11 anos e medio.*
- *Segundo esta análise de sentenzas, un 44,7 % dos abusos prodúcense entre os 13 e os 16 anos (o propio informe matiza que o aumento da idade pode estar relacionado co incremento da idade do consentimento sexual dos 13 aos 16 anos, coa última reforma respecto diso do Código Penal en 2015).*
- *Sobre o perfil do agresor, unha altísima porcentaxe destes delitos (o 84%) cométenos homes coñecidos polas vítimas. Destaca a contorna familiar con case a metade (49,5 %) dos casos analizados.*
- *Algúns dos perfís do familiar maltratador máis frecuentes son: o pai (24,9 % do total da contorna familiar e 12,3 % do total), outro familiar non identificado (19,7 % da contorna familiar e 9,7 % do total), a parella masculina da nai (18,8 % da contorna familiar e 9,3 % do total), o avó (12,2 % da contorna familiar e 6 % do total) ou o tío (6,6 % dentro da*

contorna familiar e 3,2 % sobre o total). Só no 12,5 % dos casos o agresor ten antecedentes.

- *Respecto ao proceso xudicial, Save the Children cifra a duración media en 2 anos, e advirte sobre o risco de revitimización e de contradicións que leven ao sobresemento: de media, os menores teñen que declarar catro veces e no 77,3% dos casos non se practica a proba preconstituída.*

Polo que respecta á ciberviolencia contra a muller, é preciso ter en conta que é un acto perpetrado, directa ou indirectamente, a través das tecnoloxías da información e a comunicación.

A violencia machista ten un impacto drástico e duradeiro sobre as mulleres e as menores vítimas, e isto non é diferente respecto ao abuso ou acoso dixitais.

A extensión das Tecnoloxías para a Relación, a Información e a Comunicación (TRIC) propiciou o incremento de novas formas de violencia, con especial preocupación pola captación en liña de menores por parte de adultos.

Isto levou á realización de diferentes estudos para avaliar que está a ocorrer neste ámbito, nunha vertente múltiple:

O acoso ou o control sobre as vítimas mediante o uso destas tecnoloxías, a solicitation sexual para encontros en persoa, ou o intercambio de actividades e materiais sexuais online.

Algúns indicadores significativos son:

- Segundo a enquisa previa ao informe “Mundo virtual, medo real” de Women’s Aid, o 45% das vítimas de violencia de xénero na parella manifestaron sufrir abuso en liña durante a súa relación, e o 48% acoso ou abuso en liña pola súa exparella unha vez finalizada a relación.
- Respecto ás e aos menores, no ámbito global, unha síntese de estudos examinou a prevalencia da exposición e a solicitation sexual en liña de menores entre 12 e 16,5 anos. A taxa de prevalencia media da exposición sexual achada foi do 20,3%; e a solicitation sexual do 11,5%. En conclusión, unha de cada cinco persoas mozas experimenta exposición en liña non desexada a material sexualmente explícito e unha de cada nove experimenta solicitation sexual en liña.
- En España, segundo un estudo de UNICEF (2021) baseado en 41.509 entrevistas online a estudantes de secundaria (11 a 18 anos), o 13% das adolescentes e o 6,5% dos mozos son obxecto de proposicións sexuais

por parte de adultos. A idade media do primeiro móbil está en 10,96 anos, e o 98,5% de adolescentes rexistrouse nalgunha rede social. O 42% afirma recibir mensaxes de carácter erótico/sexual, o 26,8% afirma que algún dos seus contactos envioulle fotos ou vídeos de contido sexual (sexting pasivo) e o 50,1% dos mozos e o 19,9% das mozas entrou en webs de contido erótico/pornográfico. En canto a presión ou chantaxe para enviar material sexual, é máis frecuente sobre as mozas (16%, fronte ao 6,8% para os mozos).

En conclusión, segundo esta enquisa de UNICEF, a tecnoloxía forma parte da vida dos e das adolescentes e implica riscos en materia de violencia sexual, con cifras preocupantes de sexting, casos de grooming así como acceso a pornografía.

O contacto con descoñecidos online é habitual. As mozas reciben proposicións sexuais por parte de adultos moito máis frecuentemente que os mozos, mentres que o consumo de pornografía é moi superior entre os adolescentes homes.

No seu último traballo, "Estudo de enquisa sobre o consumo de pornografía entre os mozos españois e o seu impacto nas relacións interpersoais", publicado no ano 2022 por Lluís Ballester, Carmen Orde, da Universidade das Illes Baleares (UIB) e Carlos Rosón, da Universidade de Santiago de Compostela (USC), sinálase que a nova pornografía é amplamente difundida na internet, en canles abertas ao público, ás que o anonimato facilita o acceso.

O estudo está baseado nunha enquisa, que se realizou con 2.457 mozos e mozas de entre 16 e 29 anos.

Os resultados revelan que: os primeiros accesos danse a idades temperás, 8 anos. O 86,7% dos mozos e o 54,8% das mozas afirma consumir pornografía nos últimos 5 anos.

Para o 75,8% dos mozos e o 35,5% das mozas, a idade de inicio foi antes dos 16 anos.

Neste traballo ponse de manifesto a relación da pornografía coa cultura patriarcal e o capitalismo, xa que detrás dela existen grandes corporacións no mercado.

"O consumo xeneralizouse entre mozos e adolescentes como nunca antes. Afirman que existen evidencias dos impactos negativos en adolescentes: actitudes sexistas, aumento de prácticas de risco e de prácticas violentas. "A nova pornografía converteuse na principal fonte de aprendizaxe sexual para

menores e nenas”, afirman, un feito que avalían como problemático por estes impactos negativos nas súas relacións, na súa autopercepción e por proporcionar un escenario para a escalada cara á prostitución como unha opción máis de consumo.

Cunha subida próxima ao 104% nun período de seis anos (2016-2021), a forte tendencia á alza dos delitos sexuais rexistrados en España é moito maior que a da criminalidade xeral, o que supón unha alerta cada vez máis evidente e unha chamada á acción dos poderes públicos e a sociedade en xeral en canto a esta problemática”.

3.1. Contexto Galicia: unha comunidade pioneira na prevención e tratamento da violencia de xénero

A **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, a través da **Secretaría Xeral da Igualdade**, ten entre as súas funcións a de dotar a Galicia das diferentes medidas, proxectos e accións dirixidas á consecución da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, ao mesmo tempo que encara novos desafíos e retos para a prevención, o tratamento e o recoñecemento da violencia de xénero.

A violencia de xénero presentase na actualidade como un dos maiores problemas da nosa realidade social e que afecta a vida cotiá das galegas e dos galegos.

Esta lacra, estatisticamente, representa unha das maiores preocupacións a nivel institucional pola defensa dos dereitos en igualdade entre homes e mulleres.

Avanzar na igualdade de oportunidades e na loita, tratamento e prevención da violencia de xénero é dende a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, progresar na configuración dunha sociedade mais equilibrada e mais solidaria e, por iso, deberanse abordar novos retos e realidades para afondar nesa realidade.

Nos últimos tempos a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ven traballando na prevención, sensibilización e formación sobre a violencia de xénero dixital, a través de diversos programas dirixidos a mocidade, a través das entidades locais, centros educativos, ou en distintos foros de educación en igualdade.

A través dos informes e estatísticas nas que se salientaba un vertixinoso incremento de violencia contra a muller exercida por medios dixitais,

emprendeuse un proceso de seguimento e estudo que culminou coa modificación da Lei autonómica 11/2007 no ano 2021.

No ano 2022 acométese de xeito directo outra modificación normativa, que novamente reflicte o estudo activo que dende a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade se tenta realizar de modo constante para conseguir que a nosa normativa sexa acorde a realidade e teña un efecto director protector e garante da sociedade galega, e neste caso, das mulleres galegas.

No ano 2022 reformouse a Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero para incluír, como unha forma de violencia de xénero, a explotación sexual.

De acordo coa nova regulación, entenderase vítima de explotación sexual aquela que realice o exercicio da prostitución, incluídos os actos pornográficos ou a produción de material pornográfico con obtención de lucro por parte dunha terceira persoa, física ou xurídica, cando a vítima se atope nunha situación de vulnerabilidade persoal ou económica ou se lle impoñan condicións gravosas, desproporcionadas ou abusivas.

Esta modificación lexislativa ven precedida da aprobación polo Consello da Xunta de Galicia no mes de agosto de 2022 do I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.

O I Plan Galego contra a Trata de Seres Humanos con fins de explotación sexual busca previr, sensibilizar e facer fronte a situacións que supoñen unha profunda violación dos dereitos humanos, da dignidade e da liberdade da persoa, garantindo a protección e atención ás vítimas e fomentando a cooperación e coordinación entre as diferentes institucións involucradas.

O plan enfócase en catro áreas principais: prevención, detección e identificación, atención e protección ás vítimas e cooperación e coordinación entre as institucións e recolle 39 recomendacións para abordar a trata con fins de explotación sexual desde o ámbito das Forzas de Seguridade, xurídico, sanitario, social, educativo e dos medios de comunicación.

Entre as medidas concretas do plan atópanse a creación dunha rede de atención integral ás vítimas, a formación dos profesionais dos servizos sociais e da saúde na detección da trata, a colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade para a investigación e o xuízo dos delitos de trata e a sensibilización e concienciación social sobre este problema.

O I Plan Galego da Xunta de Galicia contra a Trata de Seres Humanos con fins de explotación sexual busca abordar de maneira integral e coordinada o

problema da trata en Galicia, desde a prevención a protección e atención ás vítimas, pasando pola detección e identificación dos casos e a colaboración entre as institucións.

Ademais, abre paso a un traballo posterior de prevención, reparación as vítimas e de carácter e sentido educacional que debe encaixarse desde xa, no marco da presente normativa.

Este novo panorama reflectirá un concepto mais amplo, transversal e enmarcado nun panorama social global, permitindo unha acción unificada, implicada e mais comprometida para proseguir traballando dun modo decidido e común no tratamento e na prevención da violencia de xénero.

3.2. A ciberviolencia sexual

En novembro de 2022, un ano despois da modificación galega na propia normativa nese eido, un estudo da USC avalía as novas formas de ciberviolencia sexual derivadas das condutas sexuais online no ámbito universitario.

O 12 % dos e das 3.470 estudantes de primeiro e segundo de carreira da Universidade de Santiago de Compostela (USC) que participaron nunha investigación sobre ciberviolencia confesou sufrir acoso sexual a través de internet por parte dun adulto cando era menor de idade e o 88 % dos mozos e mozas recoñecen consumir na actualidade ou nalgún momento da súa vida pornografía.

O estudo, foi realizado polo Grupo de Investigación Esculca da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela e ten como obxectivo «Avaliar as novas formas de ciberviolencia sexual derivadas das condutas sexuais online no ámbito universitario».

Este estudo é parte dunha convocatoria para proxectos de investigación financiada pola Secretaría Xeral da Igualdade a través dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Os principais resultados deste estudo son:

GROOMING

Os resultados preliminares indican que o 12 % dos estudantes foron vítimas de grooming, é dicir, a acción deliberada dun adulto de acosar sexualmente a un menor a través dun medio dixital. Ademais, puntualizaron que o 80 % das vítimas foron mulleres, fronte ao 18 % e o 2 % de non binarias.

CONSUMO DE PORNOGRAFÍA

Sobre o consumo de pornografía, os datos recompilados mostran que o 52,6 % dos estudantes de primeiro e segundo de carreira consome ou consumiu pornografía e empezou a unha idade media de 14 anos. De forma desagregada, o 37 % das mulleres recoñeceron na enquisa ver porno, fronte ao 88 % dos homes e o 64 % das persoas non binarias. Nesta liña, os resultados preliminares subliñan que o 60,3 % buscou material sexual na internet e o 4 % recoñece ter algunha páxina sexual gardada en favoritos. Ademais, o 50 % sinalou tocarse vendo pornografía.

SEXTING, SEXTORSIÓN E CIBERVIOLENCIA SEXUAL (REVENGE PORN)

O informe revela que o 45 % dos estudantes enviaron vídeos ou fotos de carácter sexual e o 61 % enviou textos eróticos. Así, o 7,35 % revela ser vítima de presión ou chantaxe antes ou despois de realizar sexting, sendo o 87 % mulleres. Estes datos tamén indican que o 3 % das persoas enquisadas foron presionadas ou obrigadas algunha vez pola súa parella afectivo sexual a sacar fotos ou vídeos durante unha relación sexual. Ademais, o 2,4 % sinala que unha exparella vingouse ensinando a terceiras persoas ou difundindo vídeos de carácter sexual.

Segundo o estudo da profesora Mercedes Durán da Universidade de Sevilla cando se fala de ciberviolencia sexual contra as mulleres facémolo para referirnos a un problema social que inclúe un amplo repertorio de accións que van desde presionar á vítima para que envíe fotos ou vídeos sexuais de si mesma, enviarlle contidos sexuais non desexados, acosala con mensaxes, correos ou chamadas telefónicas co obxectivo de solicitarlle relacións sexuais ou que participe en determinados actos sexuais a propósito de que non son desexados, etc., ata chantaxes á vítima con difundir imaxes sexuais súas na rede ou mesmo chegar a difundir esas imaxes sexuais da vítima por diversión ou vinganza, entre outras.

Unha práctica que constitúe un importante escenario de risco para o exercicio da ciberviolencia sexual e, máis concretamente, para a distribución non consentida de contidos sexuais, é o sexting.

Con este termo faise referencia ao intercambio consensuado de contidos erótico-sexuais a través de tecnoloxías e medios informáticos, principalmente teléfonos móbiles e internet. Inclúe o envío, recepción e reenvío de fotografías, vídeos ou mensaxes de texto sexualmente explícitos ou implícitos producidos polo propio protagonista.

Trátase dunha conduta amplamente estendida, sobre todo entre a poboación de adolescentes e novas, aínda que os datos poñen de manifesto unha maior prevalencia no envío destes contidos nos homes fronte ás mulleres. Unha vez enviados os contidos sexuais, a persoa perde o control sobre esas imaxes aparentemente «privadas» que pasan a estar potencialmente dispoñibles para que o mundo as vexa e comparta na Web.

Segundo esta autora na súa publicación, das distintas formas de ciberviolencia sexual dirixida contra as mulleres, *a pornografía de vinganza ou revenge porn é quizá unha das máis denigrantes e daniñas para as vítimas que a sofren, sobre todo polas súas consecuencias na saúde mental.*

Este termo utilízase para referirse á distribución de imaxes íntimas ou sexualmente explícitas dunha persoa, así como vídeos, sen o seu consentimento.

As vítimas maioritarias da pornografía de vinganza, do mesmo xeito que ocorre con outras modalidades de ciberviolencia sexual, son mulleres chegando a alcanzar cifras de prevalencia de ata o 90%.

Os estudos realizados ata o momento alertan sobre a crecente incidencia destes actos de ciberviolencia sexual contra as mulleres polo que a información, sensibilización e os programas educativos e preventivos sobre a ciberviolencia sexual son a clave para poñer freo e foco á expansión desta secuela dos novos tempos dixitais.

É precisamente por isto último, polo que se debe recalcar a importancia da educación, dos valores, da protección, da igualdade e da necesidade dos proxectos e programas que dende a Xunta de Galicia, tras a inclusión da ciberviolencia como forma de violencia de xénero, debe seguir realizando para garantir a prevención e a concienciación da perigosidade de ditos feitos, por sobre todo, entre a nosa poboación mais moza.

Por iso son constantes cada ano a presenza de campañas en medios, en centros escolares e universitarios que achegan a mocidade os perigos destas

condutas e os modos e maneiras, as ferramentas e as opcións que calquera vítima pode e debe ter ante unha situación deste tipo.

A prevención, a sensibilización e a concienciación sobre a perigosidade destas accións non deben quedar no mero recoñecemento, senón que os mecanismos de acción, prevención, sensibilización e coidado deben ser e son constantes, atendendo os danos que provocan estes feitos así como sobre todo a vulnerabilidade das vítimas, moitas delas segundo indican numerosos estudos, persoas mozas.

3.3. Programas desenvolto en Galicia

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ven desenvolvendo distintos programas e actuacións en materia de prevención, sensibilización e tratamento das violencias sexuais.

Durante o desenvolvemento deste tipo de accións, a **Xunta de Galicia** a través de persoal técnico especializado, desenvolve as seguintes actuacións directas:

- Actividades de información sobre a violencia sexual en particular, e sobre a violencia de xénero en xeral. Trátase de sensibilizar e concienciar ao público asistente aos eventos da importancia de romper coas condutas violentas e non igualitarias, tanto nas relacións sociais como de parella, principalmente entre a xente nova.
- Realización de actividades lúdico formativas diversas.
- Distribución de material de prevención e atención a vítimas da violencia sexual así como outro material que achegue información e que contribúa á sensibilización.

Inclúese a continuación un resumo das campañas e os programas realizados pola Secretaría Xeral da Igualdade ao longo do ano 2022 en relación á prevención, sensibilización e información sobre a violencia sexual.

- **Campaña “Non debería pasar, pero pasa”.**

O obxecto desta campaña é dar visibilidade e concienciar sobre aquelas condutas e accións que son consideradas violencia de xénero e que deben ser rexeitadas no día a día da sociedade en xeral, xa que certas accións, como o acoso na rúa, a violencia psicolóxica, emocional, física e sexual, tal e como indican os números, estanse a incrementar de xeito evidente. Así, trátase de dar visibilidade a situacións cotiás que as mulleres sofren de xeito constante e que son consideradas violencia machista, reforzando o seu rexeitamento a través de medios audiovisuais, como son anuncios de televisión, radio e publicidade exterior.

No marco desta campaña realizáronse 60 insercións en prensa, das cales 2 foron en prensa internacional; 10.681.666 impresións en medios dixitais; emitíronse 419 cuñas de radio e 29 emisións en televisión; tamén se colocaron 53 soportes exteriores; 50 insercións complementarias de cuñas en medios dixitais e 25 insercións complementarias de banners en medios dixitais, e estímase o seu alcance en 2,77 millóns de persoas potenciais receptoras da campaña, das cales 780.000 foron mulleres que viven no rural.

- **Programa de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual**

Este programa é desenvolto pola Fundación Meniños en colaboración coa **Secretaría Xeral da Igualdade**.

Os obxectivos deste programa de intervención céntranse en medidas de desenvolvemento dun contexto de seguridade e prevención, así como de acompañamento a mulleres na adquisición de información e habilidades para afrontar as consecuencias do abuso. Así mesmo, búscase promover a súa integridade da identidade e benestar bio-psico-social, elaborando unha narrativa adecuada do trauma e a súa realidade, perseguindo en definitiva, a prevención de novas situacións de abuso e violencia sexual.

As persoas destinatarias deste programa son:

- Mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, que mostran desaxustes físicos, emocionais, condutuais e relacionais como consecuencia do abuso.
- Familiares ou persoas, baixo o consentimento da vítima, que cumpran

un papel imprescindible na recuperación.

- Equipos profesionais da rede que traballan coa vítima (profesionais de centros de acollida cando houbo unha medida de protección, profesionais sanitarios, etc.)

O procedemento de intervención é unha axuda psicolóxica por parte de profesionais con formación específica na atención ás vítimas de abuso sexual e trauma relacional, no contexto dunha relación segura e voluntaria. As intervencións, tanto desde o modelo de traballo como no seu desenvolvemento técnico, están fundamentadas seguindo a evidencia científica dentro do campo da psicoloxía e a atención sociosanitaria.

As intervencións vinculadas ó programa lévanse a cabo nas cidades de Lugo, Coruña, Ourense e Vigo.

No ano 2022 atendéronse un total de 123 casos dos cales se realizaron un total de 1.057 sesións individuais.

- **Programa Recorpórate**

Como complemento a intervención terapéutica, no ano 2022 púxose en marcha o Proxecto Recorpórate, co obxectivo de impulsar a recuperación integral das mulleres vítimas de violencia sexual a través da intervención psicolóxica e ademais dun adestramento físico de forza nun contorno de seguridade que teña en conta as súas necesidades específicas tanto físicas como emocionais. Recorpórate persegue a través do seu desenvolvemento mellorar a autoestima das vítimas de violencia sexual, reducir a sintomatoloxía traumática e potenciar estratexias e ferramentas propias de activación e autocoidado.

Durante o ano 2022 participaron neste programa 15 mulleres.

- **Programa DEDALEIRA-Unidade QUERELAR: Detección e identificación de situacións contra a liberdade e indemnidade sexual en mulleres con discapacidade**

A [Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade](#), a través da [Secretaría xeral da Igualdade](#), no ano 2022 asinou un novo convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) para o mantemento do servizo Dedaleira, especializado en información e asesoramento afectivo-sexual para as mulleres con discapacidade e a súa contorna.

É un servizo especializado de información e asesoramento afectivo-sexual, destinado ás persoas con discapacidade, no que se inclúe asesoramento individualizado, accións de formación grupal, e o acompañamento e a atención a persoas que viviron ou están a vivir situacións de abusos.

Ademais, é un servizo de atención e promoción da autonomía afectivo-sexual para as persoas con discapacidade e a súa contorna (familiares, amizades, profesionais, institucións...), que inclúe unha unidade específica de detección e identificación de situacións contra a liberdade e a indemnidade sexual: QUERELAR.

Os datos de participación nas accións formativas son os seguintes:

	Formacións grupais a persoas usuarias	Formacións grupais a persoal profesional	Formación grupais a familias	Intervenci óns individuais	TOTAL
ACCIÓNS	60	5	1	62	128
MULLERES	58	16	21	7	102
HOMES	88	0	3	6	97
TOTAL PARTICIPANTES	146	16	24	13	199

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Proxecto: Guía para a prevención da violencia sexual dixital: Recurso para a sensibilización e prevención da violencia sexual dixital nas mulleres e nenas con discapacidade**

Este proxecto foi desenvolto pola **Secretaría Xeral da Igualdade, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, en colaboración coa entidade Asociación de mulleres con discapacidade de Galicia, que dirixe parte do seu labor para visibilizar, previr e erradicar os diferentes tipos de violencia contra as mulleres con discapacidade e promover os seus dereitos en todos os ámbitos da sociedade, entre os que é preciso destacar a sexualidade.

Nesta guía, ademais, búscase sensibilizar sobre as múltiples novas formas de manifestación da violencia sexual a través dos medios dixitais, que como se reflicte noutras partes deste informe é unha nova realidade a que lle facer fronte.

Polo tanto, a través deste proxecto priorizouse o traballo de sensibilización e prevención para mudar a situación de mulleres con discapacidade,

especialmente cando se trata de violencia.

Creouse un material específico que permita coñecer a violencia dixital en todas as súas vertentes, en especial a violencia sexual dixital. Este recurso/guía é de aplicación en diferentes etapas da vida, contribuíndo deste xeito a previr, identificar e erradicar este tipo de violencia.

Elaborouse unha guía de violencia dixital especialmente de violencia sexual dixital vivida por mulleres e nenas con discapacidade, en galego e en castelán.

Para isto, contouse con persoal experto da entidade, así como o asesoramento de persoal externo para os textos.

Nunha xornada de presentación en centros de persoas con discapacidade e centros educativos, difundíuse a guía caderno didáctico alcanzando as catro provincias galegas, coa finalidade de sensibilizar sobre a violencia sexual dixital tanto dentro do colectivo da discapacidade como dentro do conxunto da mocidade galega.

Levou a cabo unha campaña de difusión de medios para dar a coñecer e concienciar sobre a violencia sexual dixital, pero tamén para difundir e promocionar o uso e distribución dos materiais creados, ademais de publicitar a xornada levada a cabo en cada centro, destinada á maior cantidade de persoas no conxunto da sociedade galega.

Dentro deste proxecto elaborouse unha enquisa online, de carácter anónimo, na cal medíanse numerosos aspectos relacionados coas características socio demográficas, a discapacidade, as TIC, a propia violencia sexual dixital, o que permitiu coñecer a relación entre a idade e a experiencia coa violencia e a relación, ademais da idade coa experiencia da denuncia.

- **Programas de intervención con nenos, nenas e adolescentes vítimas de abuso sexual**

A **Consellería de Política Social** desenvolveu, en colaboración coa Fundación Meniños, este proxecto tendo como finalidade o tratamento terapéutico en persoas menores vítimas das diferentes formas de abuso sexual infantil e o asesoramento e acompañamento ás familias e equipos profesionais dos que depende o seu coidado.

Este programa dirixiuse a nenos, nenas e adolescentes vítimas de abuso sexual infantil que mostran desaxustes emocionais, cognitivos e/ou de conduta como consecuencia do abuso sexual infantil, a familiares non agresores e principais persoas responsables do coidado dos nenos e das nenas xa que cumpren un

papel imprescindible na recuperación, e tamén, a equipos profesionais que traballan na contorna de nenos e nenas abusadas.

O programa baséase na evidencia científica, empregando a terapia cognitiva-condutual focalizada no trauma (TF-CBT) e a Terapia Familiar Baseada no Apego (TFBA), e ten como obxectivos os seguintes:

- Desenvolvemento dun contexto de seguridade e de prevención de novas situacións traumatizantes.
- Acompañar ao neno e á nena e ás persoas adultas coidadoras na adquisición de estratexias e habilidades para afrontar as consecuencias do abuso.
- Elaboración dunha narrativa adecuada do trauma e promover a integridade da identidade e benestar bio-psicosocial do neno ou da nena.

Nº de participantes: **109** (91 mulleres e 18 homes).

- **Atención integral a persoas en situación de explotación sexual e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral**

No Diario Oficial de Galicia do 14 de xaneiro de 2022 (DOG nº 9) publicouse a Resolución do 21 de decembro de 2021, da [Secretaría Xeral da Igualdade](#), pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, financiada con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, no que se procede á súa convocatoria para o ano 2022.

As subvencións obxecto desta convocatoria destinouse un orzamento total de catrocentos cincuenta mil euros (450.000 €).

Estas axudas destínanse ao apoio, a recuperación e a integración social e laboral das vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral.

Na Resolución do 18 de abril de 2022, da [Secretaría Xeral da Igualdade](#), déuselle publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da antedita resolución do 21 de decembro de 2022 (DOG nº 78, do 25 de abril).

Os datos de persoas participantes nos programas realizados no ano 2022 foron os seguintes:

Persoas participantes por provincia	
Provincia	Nº persoas
A Coruña	282
Lugo	154
Ourense	129
Pontevedra	88
Total	653

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Campaña Agresión OFF: Eu digo non á violencia sexual.**

No ano 2022 desenvolveuse unha nova edición da campaña Agresión Off, para sensibilizar á cidadanía contra das violencias sexuais e outorgarlle a información necesaria para facerlle fronte.

Desde o 26 de setembro ata o 23 de decembro instaláronse puntos de información pública en feiras, festivais, concertos e eventos que se celebraron por toda Galicia, co obxectivo de chegar ás mozas que se congregan nos mesmos.

A través desta campaña os expositores ofertaron actividades lúdico formativas, con dinámicas de participación activa a través do xogo con materiais pedagóxicos de igualdade e obradoiros, dirixidas tanto a persoas adultas como menores de idade.

“Agresión Off: Eu digo non a violencia sexual” desenvolveuse tamén nos centros educativos, e en 43 concellos galegos, todos eles incluídos na Rede de entidades locais contra a violencia de xénero constituída no ano 2012 a través dun convenio de colaboración asinado entre a Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

Durante o desenvolvemento da campaña ademais distribuíuse material de prevención e atención a vítimas da violencia sexual.

Esta campaña desenvolveuse en 43 eventos, nos cales participaron nas accións de sensibilización un total de 6.726 persoas (4.036 mulleres e 2.690 homes) e repartíronse preto de 31.949 unidades de material promocional e de

sensibilización.

- **IV Xornada de sensibilización e prevención da violencia sexual na mocidade. Agresión off nas Universidades**

O 14 de novembro a Secretaría Xeral de Igualdade, en colaboración coas Oficinas para a Igualdade de Xénero das tres universidades galegas, organizaron a cuarta edición das Xornadas Agresión OFF, que se celebrou en Santiago de Compostela.

A xornada consistiu nun programa de relatorios arredor da violencia de xénero na contorna universitaria, as experiencias nos campus europeos e norteamericanos, o traballo en igualdade e a prevención da violencia contra as mulleres nas universidades españolas, as medidas para afrontala nos campus galegos e os retos e oportunidades fronte ás violencias machistas. As sesións de conferencias desenvóléronse no Salón de Actos da Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC. Ademais, a xornada incluiu tamén unha sesión de tarde, destinada á exposición de traballos académicos elaborados polo alumnado en materia de violencia nos campus e á realización de obradoiros de autodefensa fronte as violencias dixitais, narrativas e visualidades das violencias de xénero e novas masculinidades, que tiveron lugar no Auditorio da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC.

Participaron nesta xornada, tanto de xeito presencial como por conexión on line, máis de 200 persoas.

- **Vivendas de seguridade para mulleres vítimas de explotación sexual e trata**

A Secretaría Xeral da Igualdade no ano 2022 asinou tres convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de dispositivos destinados á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata, no que se lles presta acollida, axuda e asistencia directa.

Estas entidades integran nos seus dispositivos unha vivenda de seguridade, destinada a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación, un espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades competentes.

Neste senso, ponse de manifesto a vulnerabilidade das mulleres vítimas de explotación sexual cando deciden rachar coa situación de explotación na que se atopan, por iso desde a Secretaría Xeral da Igualdade considérase prioritario fomentar toda actividade desenvolvida ao respecto e colaborar con aquelas entidades, como é o caso, que contan con centros e persoal propio para prestar un servizo integral, de atención, apoio, acollida e de recuperación.

No ano 2022 beneficiáronse destes recursos un total de 24 mulleres e 4 nenos.

- **Accións de información, prevención e sensibilización sobre violencia sexual e trata, preferentemente entre mulleres inmigrantes, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia**

No ano 2022 a **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade** asinou convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro, pertencentes á Rede Galega contra a Trata, para o desenvolvemento de accións de información, sensibilización e prevención da violencia sexual e da trata, fundamentalmente entre as mulleres inmigrantes.

A finalidade principal destas accións é contribuír á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero, fundamentalmente entre as mulleres inmigrantes, así como accións de información, a través de todas as vías que favorezan o coñecemento dos recursos e servizos existentes.

Por outra banda, permite a máxima difusión dos recursos e ferramentas entre a poboación inmigrante, para prestar apoio directo ás vítimas, incluíndo as axudas económicas directas para cubrir as súas necesidades básicas e puntuais.

A Rede Galega contra a Trata, está formada por entidades con experiencia contrastada de moitos anos de traballo con mulleres inmigrantes vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ ou laboral, e que desenvolven en Galicia accións que teñen como fin promover a participación e integración activa destas vítimas na vida social, laboral, económica a través de programas específicos de atención integral de acollida, axuda psicolóxica, xurídica e asistencia directa.

Os resultados neste eido son os seguintes:

Nº. de accións de sensibilización e información fronte á prostitución e a trata con fins de explotación sexual como formas de violencia contra as mulleres desenvolvidas: 181

Nº de participantes nas accións de sensibilización e información fronte á prostitución e a trata con fins de explotación sexual como formas de violencia contra as mulleres: 3.249

Ademais realizáronse diferentes accións de sensibilización e prevención como foi a organización e desenvolvemento da XI Xornada da Rede galega contra a trata sexual, que tivo lugar o 20 de outubro de 2022 co título “Prostitución, Pornografía, Explotación Sexual, Trata. A realidade da súa relación”.

- **Actuacións no marco do Protocolo de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para establecer unha Rede de entidades locais en contra da violencia de xénero e realizar outras accións de sensibilización social en contra da violencia de xénero**

Con data 12 de setembro de 2012 a [Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias \(FEGAMP\)](#) asinaron un protocolo de colaboración co obxecto de promover unha rede de entidades locais en contra da violencia de xénero, que se configurará como un instrumento que permita conseguir o rexeitamento social e institucional da violencia de xénero, sensibilizando á poboación e conseguindo a súa implicación e compromiso real contra esta lacra, fomentando ao mesmo tempo, modelos alternativos de convivencia baseados no respecto e na igualdade.

O 15 de novembro de 2017, ambas institucións asinaron un novo acordo de colaboración para o impulso da Rede de Entidades Locais contra a violencia de xénero.

Os obxectivos que se perseguen na colaboración entre a rede de entidades locais contra a violencia de xénero e a [Secretaría Xeral da Igualdade](#) son:

- Promover e apoiar proxectos de prevención da violencia de xénero e detección precoz de situacións de risco.
- Mobilizar e implicar a toda a sociedade na loita contra a violencia de xénero, fomentando unha actitude crítica, solidaria e comprometida fronte a situacións de maltrato.
- Fomentar o trato igualitario entre mulleres e homes.

- Consegur a tolerancia cero coas persoas agresoras.

A finais de 2022 constan adheridas a esta Rede un total de 224 entidades locais, coa seguinte desagregación:

Provincia	Nº
A Coruña	79
Lugo	44
Ourense	55
Pontevedra	46
Total	224

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade

No marco deste protocolo no ano 2022 dende a Secretaría Xeral da Igualdade ofertáronse varias actividades ás entidades locais adheridas, entre elas Obradoiros sobre Violencia de xénero e o novo contexto dixital e Charlas informativas sobre agresións sexuais e violencia sexual.

CONCESIÓN POR PROVINCIA					
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Violencia de xénero e novo contexto dixital	8	7	1	4	20
Charlas informativas sobre agresións sexuais e violencia sexual	7	3	2	3	15
TOTAL	15	10	3	7	35

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Obradoiros sobre “Violencia de xénero e o novo contexto dixital”**, obradoiros educativos para nenos, nenas e adolescentes, preferentemente expostos a situacións de violencia de xénero, centradas no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xorden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, *grooming*, *sexting*...

O obxectivo xeral que se pretende abordar a través das sesións formativas deste obradoiro é, principalmente, sensibilizar sobre a violencia nas redes e a ciberviolencia de xénero no contexto da internet.

Para iso trabállase na transmisión de coñecementos e conceptos básicos relacionados co xénero, a igualdade, o respecto á intimidade, e unha boa convivencia na rede e bo uso das redes sociais.

Todo iso con enfoque de xénero, e tratando de eliminar estereotipos que perpetúan actitudes sexistas tamén no contexto dixital.

Posto que o programa ten unha perspectiva preventiva, trátase de dotar ao alumnado coas ferramentas necesarias para poder tomar consciencia do problema real, e que á súa vez desenvolvan o pensamento crítico e a autoavaliación e autoexploración das propias condutas e actitudes. Isto resulta vital para poder determinar o papel que xogan nas situacións referidas, así como as posibles consecuencias do uso que fan da internet e as novas tecnoloxías, para poder comezar a vivir un cambio real.

Dentro desta perspectiva preventiva abórdanse dun xeito directo os obxectivos específicos do programa, sendo en definitiva, os seguintes:

- Sensibilizar acerca de violencia de xénero e ciberviolencia de xénero entre os e as novas.
- Favorecer a reflexión persoal sobre o respecto, a intimidade e as boas prácticas nos contextos dixitais e as redes sociais.
- Informar sobre os riscos na rede: *sexting*, *grooming*, *ciberbullying* e ciberviolencia dos que poden formar parte os e as menores de idade.

No ano 2022 os Concellos nos que se desenvolveu este programa son os seguintes:

Na provincia da Coruña, este programa desenvolveuse en A Pobra do Caramiñal, Brión, Cabana de Bergantiños, Cambre, Carnota, Mazaricos, Monfero e Muros; Na provincia de Lugo, desenvolveuse en Láncara, Mondoñedo, Outeiro De Rei, Portomarin, Ribas De Sil, Samos e Viveiro; Na provincia de Ourense desenvolveuse en A Pobra de Trives; Na provincia de Pontevedra, desenvolveuse en Caldas de Reis, Cangas, Mos e Ponte Caldelas.

Dentro do programa incorpóranse **charlas informativas sobre agresións sexuais e violencia sexual**, que se levan a cargo por o persoal especializado e que se desenvolveron nos seguintes 15 concellos.

Na provincia de Coruña, este programa desenvolveuse en Ames, Carballo, Outes, Neda, Porto do Son, Rois e Sada; Na provincia de Lugo, desenvolveuse en Chantada, Pantón e Sober; Na provincia de Ourense, desenvolveuse en Castrelo de Miño e Xinzo de Limia; Na provincia de Pontevedra, desenvolveuse en Gondomar, Lalín e Tui.

- **Observatorio Galego da Violencia de Xénero**

A constitución do Observatorio Galego da Violencia de Xénero tivo lugar o 5 de maio de 2014, presido polo Vicepresidente da Xunta de Galicia.

A Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa disposición adicional sexta, prevé a creación do **Observatorio Galego da Violencia de Xénero** como órgano colexiado e institucional de Galicia encargado do estudo, da avaliación e do seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolvan en Galicia.

No DOG núm. 142 do 26 de xullo de 2012 publicouse o Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.

O Observatorio actúa en Pleno e nas comisións de traballo específicas que estime necesario crear.

O primeiro (GT1), encargado da Elaboración dun Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero a nivel autonómico. O grupo rematou o seu traballo coa elaboración do citado Protocolo.

O segundo (GT2), "A voz das vítimas, encargouse de escoitar as experiencias directas destas para extraer conclusións e directrices de mellora nas actuacións. Os seus traballos remataron, e del extraeuse un documento de recomendacións que integra en parte o Protocolo autonómico.

O terceiro grupo (GT3), traballa a abordaxe da violencia de xénero coa mocidade desde o ámbito educativo, determinando estratexias e propostas de traballo preventivo coa xente nova. O grupo está aínda operativo. Este grupo de traballo foi o encargado de elaborar a "Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo"

O GT4.- "Pautas para a prevención e o tratamento das distintas formas de violencia sexual." Foi creado na xuntanza anual do Pleno do Observatorio que tivo lugar en decembro de 2019.

Durante o ano 2022, o pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero reuniuse en dúas ocasión:

O 28 de xaneiro de 2022, para presentar a Guía de Trata elaborada no Grupo de Traballo do Observatorio (GT4), avanzar o contido do Plan Estratéxico contra a Trata de Seres Humanos con fins de explotación sexual, e informar sobre o Pacto de Estado e o Programa España Te Protege III.

Así mesmo, o 28 de setembro de 2022, tivo lugar o Pleno no que se aprobaron os procedementos elaborados pola Consellería de Sanidade ante os casos de

submisión química e agresións sexuais. No mesmo tamén se deu conta do I Plan contra a Trata de persoas con fins de explotación sexual.

4. BIBLIOGRAFÍA E FONTES DE ESTUDO

- <https://fundacionmujeres.es/noticias/marisa-soleto-ponente-en-el-parlamento-europeo-en-el-encuentro-renew-europe/>
- https://spain.representation.ec.europa.eu/noticias-eventos/noticias-0/la-nueva-propuesta-de-la-comision-europea-para-combatir-la-violencia-de-genero-2022-03-22_es
- <https://observatorioviolencia.org/el-parlamento-europeo-condena-la-violencia-y-la-explotacion-sufrida-por-las-mujeres-en-la-guerra-en-ucrania/>
- https://www.europarl.europa.eu/doceo/document/TA-9-2022-0206_ES.pdf
- <https://www.europarl.europa.eu/news/es/press-room/20220429IPR28229/el-pe-pide-proteger-a-las-refugiadas-de-ucrania-de-la-violencia-y-la-explotacion>
- <https://www.coe.int/es/web/portal/-/european-justice-ministers-adopt-dublin-declaration-on-preventing-violence-through-equality>
- <https://www.es.amnesty.org/en-que-estamos/blog/historia/articulo/10-datos-sobre-violencia-sexual/>
- <https://www.legaltoday.com/practica-juridica/derecho-penal/penal/cuestiones-mas-significativas-de-la-ley-organica-10-2022-de-6-de-septiembre-de-garantia-integral-de-la-libertad-sexual-2022-10-31/>
- <https://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Poder-Judicial/Noticias-Judiciales/El-TSXG-reconoce-a-una-victima-de-trata-con-fines-de-explotacion-sexual-el-derecho-a-cobrar-la-renta-activa-de-insercion->
- [Neus Herrera y María Luisa Garces de los Fayos, Equipo de Mujeres de Amnistía Internacional, 13 de mayo de 2022.](#)
- https://www.europarl.europa.eu/doceo/document/TA-9-2022-0206_ES.pdf
- <https://www.europarl.europa.eu/news/es/press-room/20220429IPR28229/el-pe-pide-proteger-a-las-refugiadas-de-ucrania-de-la-violencia-y-la-explotacion>
- <https://www.legaltoday.com/practica-juridica/derecho-penal/penal/cuestiones-mas-significativas-de-la-ley-organica-10-2022-de-6-de-septiembre-de-garantia-integral-de-la-libertad-sexual-2022-10-31/>
- <https://observatorioviolencia.org/>
- <https://www.pantallasamigas.net/estudio-usc-nuevas-formas-ciberviolencia-sexual-conductas-sexuales-online-ambito-universitario/>
- [Estudio presentado por Save the Children, Los abusos sexuales hacia la infancia en España](#)
- <https://www.europarl.europa.eu/news/>

- OMS: <https://www.who.int/es>
- [¿Cómo aborda la UE la violencia de género? | Noticias | Parlamento Europeo \(europa.eu\)](#)
- [Memoria da Fiscalía Xeral do Estado: \(MEMFIS 2022\)](#)
- ["Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero"](#)
- <https://noticias.juridicas.com/>
- [Informe sobre delitos contra a liberdade e indemnidade sexual en España 2022.](#)
- [Título VIII de Libro II do Código penal \(arts.178 ao 194\)](#)
- <https://estadisticasdecriminalidad.ses.mir.es/publico/portalestadistico/portal/balances.html>
- [Balance Trimestral de Criminalidade](#)
- [geoviolenciasexual.com \(2021\). ¿Qué es la violencia sexual?](#)
- <https://geoviolenciasexual.com/3-radiografia-de-la-violencia-sexual-las-cifras/>
- [Ciberviolencia sexual de género](#)
- El ejercicio de la violencia sexual contra las mujeres en contextos digitales, Mercedes Durán, Profesora en la Universidad de Sevilla.
<https://trepanos.es/2022/01/14/ciberviolencia-sexual-de-genero/>

